

PROGRAMACIÓN
2º CURSO
DE
EDUCACIÓN PRIMARIA
2021-2022

TITORES:

María José Suárez Pampín (2º A)

Noa Vázquez Banet (2º B)

María Regos Regos (2º C)

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.- OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

3.- CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

4.- PROGRAMACIÓN PARA CADA UNHA DAS ÁREAS:

- OBXECTIVOS XERAIS

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- UNIDADES DIDÁCTICAS

✚ TEMPORALIZACIÓN

✚ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

✚ METODOLOXÍA

✚ MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá
- Matemáticas
- Ciencias Sociais
- Ciencias da Natureza
- Valores Sociais e Cívicos
- Educación Artística: Plástica

5.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

6.- CELEBRACIÓN DE CONMEMORACIÓNS.

7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

8.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

9.- ACCIÓNS PREVISTAS CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs.

10.- TAREFAS ESCOLARES

11.- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Cando un mestre ou mestra se dispón a desenvolver a súa labor docente, atópase coa necesidade de preparar previamente as clases. Preparar a práctica docente, supón elaborar un deseño, un esbozo, un esquema que nos sirva de guía na nosa práctica. Esta mesma anticipación realízaa o artista antes de pintar un cadro ou un arquitecto ao deseñar o plano dun edificio. Pero entre estes dous exemplos obsérvanse diferenzas: o pintor monopoliza todo o proceso, o arquitecto só crea o plano. Existen niveis de acción. Tamén na educación atopamos niveis de concreción curricular que, seguindo a Fernández, A. e Sánchez, A.R. (2007), son tres.

O primeiro deses niveis de concreción é a responsabilidade compartida entre o estado e as comunidades autónomas. O estado, a través do Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), intervén na elaboración do currículo co obxectivo de garantir a educación común, un dos principios básicos da actual Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE). Para que isto sexa posible, o MEC establece as ensinanzas mínimas, concretadas para Primaria no Real Decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas para esta etapa educativa.

As administracións autonómicas interveñen co obxectivo de adaptar as ensinanzas mínimas á realidade sociocultural de cada unha delas. No caso da etapa de Primaria o currículo concrétese en Galicia, no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o Currículo de educación Primaria.

O segundo nivel de concreción curricular é un documento elaborado polo claustro de profesores e integrado no Proxecto Educativo, no que cada centro adapta e concreta o establecido polas administracións ao contexto no que se ubica.

Finalmente, volvemos ao terceiro nivel de concreción curricular, que se corresponde co que estamos elaborando como docentes e no que adaptamos o currículo concretado a nivel de centro ás características de cada grupo de alumnos e alumnas. Esta concreción recóllese nas programacións didácticas. A programación é, polo tanto, o proceso de elaboración dun plano, un proxecto ou bosquejo que, partindo do disposto pola Administración e polo centro educativo, adapta os aspectos prescriptivos establecidos por estes, ao alumnado cun determinado nivel educativo.

A programación didáctica que presentamos, desenvólvese nas áreas de lingua galega e lingua castelá, matemáticas, ciencias da natureza, ciencias sociais e plástica, que impartimos como titoras nos tres cursos de 2º de Educación Primaria do CEIP ADR Castela de Ordes.

1.1 CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.1 Situación xeográfica e social do concello no que se ubica o centro:

Dende o punto de vista xeográfico, o centro educativo no que se encadra esta programación localízase nunha zona do interior da provincia de A Coruña. O concello está integrado nunha ampla comarca formada por un considerable número de municipios caracterizados topograficamente polo predominio das planicies e pequenas elevacións, sucadas por numerosos cursos fluviais.

Nel predominou tradicionalmente a agricultura e a gandería, actividades que contaron cun peso considerable nos ingresos do municipio ata a década recente nas que a actividade agraria deu paso a un considerable despegue do sector servizos. En relación con isto, o nivel socio-económico da poboación é medio, nalgúns casos medio-baixo.

1.1.2 O centro e as súas características

Ubicación

O centro ao que nos estamos a referir é un dos dous colexios de educación infantil e primaria (CEIP) que existen no núcleo de Ordes. A poboación é atravesada pola estrada 550 ao longo da cal flúen as edificacións. Entre os servizos dos que dispón o núcleo urbano, atópase o centro médico, polideportivo, unha piscina cuberta, un centro sociocultural dotado de biblioteca pública... Ademais, existen numerosos locais comerciais que fan de Ordes un núcleo mercantil de referencia na comarca.

Traxectoria educativa

Na actualidade, este é un colexio de educación infantil e primaria de titularidade pública que escolariza ao redor de 570 alumnos e alumnas de ámbalas dúas etapas. Está composto por 26 unidades de dúas e tres liñas: 8 en Educación Infantil para os tres niveis educativos do segundo ciclo desta etapa, e 17 unidades de Educación Primaria.

Instalacións do colexio

O espazo que acolle o centro ao que nos estamos a referir consta de 3 edificios: dous deles albergan ao alumnado de educación Infantil e o edificio principal aloxa ao alumnado de educación Primaria, a Biblioteca, o comedor, as aulas das especialidades de música e inglés, así como a sala de mestres, a conserxería e dirección.

O centro conta cun pavillón polideportivo e un ximnasio, pero non con patio cuberto polo que os días de chuvia o alumnado debe permanecer nas aulas durante o recreo.

O patio consta de tres zonas: unha para o alumnado de educación infantil, outra parte dianteira para o alumnado do primeiro ciclo de EP e a parte traseira abarca o patio do 2º e 3º ciclo de EP.

A Xornada escolar

O colexio ten establecida a xornada única dende as 9:00 ata as 14:00.

1.2. O ALUMNADO

1.2.1 Características do alumnado do centro

Procedencia

O alumnado escolarizado no centro procede do núcleo urbano, das zonas rurais do concello e do municipio colindante polo que é necesario o uso do transporte escolar.

Nivel de ocupación profesional das familias

Parte da poboación dedícase ao sector primario e á industria téxtil. Na industria tamén destaca a construción. O sector terciario concéntrase na capital do concello e destacan empresas de comercio ao por maior.

Situación sociolingüística

O galego é a lingua predominante na que foron socializados os nenos e nenas e a que usan con maior asiduidade na vida cotiá.

1.2.2 O segundo curso de Educación Primaria

O alumnado deste curso, con idades comprendidas entre os 6 e 8 anos, momento este no que se producen importantes cambios a nivel cognitivo, motriz, afectivo e social, que deberán ser tidos en conta no deseño e desenvolvemento da práctica docente.

Desenvolvemento cognitivo

Os alumnos deste nivel posúen un pensamento intuitivo e concreto, con dificultades para pensar en ausencia dos obxectos e sen a existencia de reversibilidade.

Desenvolvemento motriz

A nivel motriz, os nenos e nenas desta idade adquiren o coñecemento do seu esquema corporal, crean a súa propia imaxe corporal a través da interacción cos demais e cos obxectos. Desenvólvese a coordinación óculo-manual, a independencia dos segmentos corporais e reafírmase a lateralidade.

Organízase e estrutúrase o tempo e o espazo en función do propio corpo.

Desenvolvemento afectivo e social.




No segundo curso de Primaria é frecuente atopar restos de egocentrismo, inestabilidade emocional,... As relacións interpersoais vanse consolidando polo que estas poden chegar a ser máis duradeiras. Os compañeiros pasan a cobrar importancia sobre os pais e os mestres. Tamén nestas idades comezan a asumir as regras do xogo como sorporte á actividade lúdica.

1.3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En calquera grupo humano existe unha grande diversidade de situacións persoais, familiares, socioculturais, económicas, variedade de intereses ou capacidades que fan del unha realidade heteroxénea. Isto mesmo é o que ocorre nun grupo-clase no que a diversidade é unha realidade que debe ser entendida como algo beneficioso, enriquecedor e estimulante tanto para o propio alumnado como para o profesorado.

É por iso que na programación didáctica de calquera mestre ou mestra, a diversidade debe ser unha das variables a ter en conta á hora de deseñar a práctica docente.

Hai tres principios nos que debe basearse a atención á diversidade:

-  Individualización: axustando as ensinanzas ás necesidades propias de cada alumnado/a.
-  Inclusión: orientada cara a non discriminación en base a ningunha condición e a prover a todos e todas das mellores condicións e oportunidades.
-  Normalización: encamiñada a proporcionarlle un trato igualitario a todo o alumnado independentemente das súas características individuais.

Xa que logo, nesta programación recollemos unha grande variedade de actividades e recursos de todo tipo que nos permitan dar resposta á diversidade do noso grupo. Pero non só a atención á diversidade se realizará a través das actividades e recursos, senón que todos os demais elementos da programación (metodoloxía, temporalización, avaliación,...) terán un carácter flexible que permita adecualos en calquera momento ás necesidades e características do grupo e de cada individuo de xeito que o obxectivo a conseguir sexa acadar os coñecementos e destrezas mínimos establecidos para o nivel.

1.3.1.- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Ao falar de atención á diversidade é fundamental ter en conta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Segundo o principio de normalización establecido pola LOMCE, a atención a este alumnado farase seguindo a modalidade ordinaria e só en caso de ser necesario, recorrerase a medidas de carácter extraordinario seguindo o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

En función do establecido pola lexislación vixente, cando se detecte unha necesidade específica de apoio educativo procederase á organización de todos aqueles aspectos que sexan necesarios para dar resposta á mesma.

2.- OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no contorno familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os contornos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.- CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que «describen» ao alumno competente neste contorno. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente de indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivo e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os elementos transversais, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional se traballarán desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de valores presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferentes levaranos a traballar desde as diferentes potencialidades con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

En cada área incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas provenientes de situacións cotiás partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumno.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente na área de Lingua serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente en Ciencias da Natureza serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto a alimentación e o exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente en Ciencias Sociais serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto a alimentación e o exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos....) en situacións cotiás.

- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da linguaxe. Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favoreza unha correcta aprendizaxe e que lle asegure un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encuentre. Os descritores que utilizaremos na área de Lingua Galega e Literatura serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Os descritores que utilizaremos na área de Ciencias da Natureza serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Os descritores que utilizaremos en Ciencias Sociais serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Lingua Galega e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Na área de Ciencias Sociais adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través das diferentes áreas podemos coñecer o mundo no que vivimos, o contorno que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia na área de Lingua Galega e Literatura son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como un a fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Os descritores que adestraremos nesta competencia en Ciencias da Natureza son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como un a fonte de riqueza persoal e cultural.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Os descritores que adestraremos nesta competencia en Ciencias Sociais son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como un a fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

As competencias sociais e cívicas encerran a comprensión e a aplicación de dereitos e deberes dos cidadáns nun Estado democrático. Traballar cos compañeiros, convivir, compartir coñecemento, participar na xestión do grupo, propoñer, colaborar... son aspectos desta competencia que podemos adestrar.

Os descritores que adestraremos na área de Lingua Galega e Literatura son:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e na resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir un a escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos estes descritores:

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir un a escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Na área de Ciencias Sociais adestraremos estes descritores:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun estado social e democrático de Dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir un a escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Desenvolver a autonomía persoal, o liderado na xestión de grupos de traballo e estimular a creatividade son aspectos doadamente abordables desde calquera área no traballo diario e mediante a proposta de traballo en grupos colaboradores. Ademais podemos promover o adestramento de habilidades propiamente emprendedoras no deseño de tarefas que permitan a xestión de recursos materiais e persoais.

Neste caso, os descritores a adestrar na área de Lingua Galega e Literatura son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades cos coñecementos previos da unidade.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Neste caso, os descritores a adestrar en Ciencias da Natureza serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Neste caso, os descritores a adestrar na área de Ciencias Sociais serían:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Configurar un a visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Optimizar o uso recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónoma de acordo con aquilo que consideramos. Dende todas as áreas se ve a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia na área de Lingua Galega e Literatura son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia en Ciencias da Natureza serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia en Ciencias Sociais serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4.- PROGRAMACIÓN PARA CADA UNHA DAS ÁREAS:

- **OBXECTIVOS XERAIS**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE**
- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
- **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**
- **UNIDADES DIDÁCTICAS**

✚ TEMPORALIZACIÓN

✚ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

✚ METODOLOXÍA

✚ MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá
- Matemáticas
- Ciencias Sociais
- Ciencias da Natureza
- Valores Sociais e Cívicos
- Educación Artística: Plástica

LINGUA E LITERATURA GALEGA

E

LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Participar en situacións comunicativas da vida cotiá.
2. Comprender o sentido global de textos sinxelos.
3. Narrar situacións, experiencias persoais, contos populares...
4. Realizar descrições sinxelas de persoas, animais, obxectos e lugares.
5. Reproducir e dramatizar textos adaptados.
6. Ler textos de diferente índole con pronunciación, ritmo e entoación.
7. Utilizar estratexias para unha boa comprensión lectora.
8. Traballar o plan lector para adquirir hábito lector e fomentar o gusto pola lectura.
9. Coñecer o uso do sistema de lectoescritura.
10. Crear textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal.
11. Utilizar as TIC e elaborar as súas producións e traballar a escritura.
12. Formar e clasificar palabras a partir de letras e sílabas.
13. Ordenar as palabras para formar oracións.
14. Distinguir diferentes tipos de palabras nun texto.
15. Coñecer as linguas do seu contorno próximo.
16. Ampliar o vocabulario de uso a través da lectura e a escritura.
17. Ler e recoñecer textos de literatura infantil.
18. Utilizar a biblioteca de aula e de centro para gozar da lectura.
19. Elaborar contos e poemas sinxelos.
20. Mostrar un vocabulario adecuado a través da lectura de textos literarios e non literarios.
21. Respeitar os diversos usos, orais e escritos, da lingua galega.
22. Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.
23. Utilizar a lingua para destacar os valores da cultura galega e doutras culturas.
24. Manifestar actitudes de aprecio e respecto cara ás diferentes linguas valorando a lingua galega como lingua propia de Galicia e as posibilidades de comunicación que ela nos proporciona.
25. Iniciarse no hábito e o gusto pola lectura e amosar autonomía lectora e certa capacidade para seleccionar textos do seu interese.
26. Utilizar a biblioteca de aula, de centro e municipal e interesarse por iniciar unha biblioteca persoal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

(Indicación dos mínimos para avaliación positiva e % na cualificación)

As áreas de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura, como o resto das áreas lingüísticas, contribúen ao desenvolvemento de todas as competencias básicas do currículo, xa que son instrumentos para a comunicación, a inserción na sociedade, a representación do mundo, a expresión dos sentimentos e o fomento da creatividade.

Pola súa incidencia directa, estas áreas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Tamén favorecen o desenvolvemento da competencia social e cívica, da competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor e da competencia dixital. A súa achega é tamén relevante en canto a que é a base para a adquisición e desenvolvemento da competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía. Ademais, manifestacións literarias, musicais, das belas artes, o cine, etc. contribúen de forma relevante ao desenvolvemento da competencia de conciencia e expresións culturais.

- **Competencia en comunicación lingüística**

As áreas de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura contribúen de forma directa ao desenvolvemento desta competencia. As linguas galega e castelá, así como todo o conxunto de linguas estranxeiras, favorecen a mellora da habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita e para interactuar dun xeito adecuado e creativo en múltiples contextos sociais e culturais.

Nas áreas de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura trabállanse estratexias de expresión oral e escrita, comprensión de mensaxes de diferente tipoloxía, enriquecemento de vocabulario, estratexias para unha correcta fluidez verbal, a adquisición e aplicación de estruturas gramaticais que inciden na calidade da súa expresión, ou a achega literaria que contribúe a mellorar a riqueza comunicativa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base da aprendizaxe e é vehículo canalizador do desenvolvemento competencial en todas as súas facetas.

- **Competencia de aprender a aprender**

As áreas de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura, entre outras, posibilitan que o alumnado constrúa os seus coñecementos mediante a linguaxe, xestionando eficazmente a súa aprendizaxe e reflexionando criticamente sobre os fins e o obxecto desta.

A lectoescritura, xunto ao cálculo e as TIC, son ferramentas básicas para a construción do coñecemento. Aprender en equipo, en grupos heteroxéneos, e a autonomía na aprendizaxe contribúen significativamente ao seu desenvolvemento.

A autoavaliación e os procesos de pensamento favorecen no alumnado a posibilidade de avanzar, aprendendo dos erros, e de comunicar as súas experiencias integrando o emocional e o social.

- **Competencia social e cívica**

Analizando esta competencia desde a capacidade para o respecto, o diálogo e o consenso, enténdese que é necesario un bo emprego dos códigos e usos lingüísticos como base para unha boa comunicación.

A linguaxe contribúe deste xeito a construír unha imaxe do mundo e da personalidade, mediante o desenvolvemento da capacidade de expresar vivencias, opinións, emocións, sentimentos e ideas, e a regular a propia conduta proporcionando un equilibrio. As áreas de Lingua Galega e Literatura e de Lingua Castelá e Literatura axudan, á súa vez, a comunicarse con outras persoas, a comprender o que estas transmiten, a tomar contacto con distintas realidades e a asumir a propia expresión como modalidade fundamental de apertura ás demais persoas, facilitando así a integración social e cultural.

Por outra parte, tamén se contribúe ao desenvolvemento desta competencia na medida en que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas e enriquecedoras para desempeñar as funcións de comunicación e de representación.

- **Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As linguas galega e castelá, e todas as linguas en xeral, son instrumentos de comunicación e de creación de pensamento. Deste xeito, participan na adquisición do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor na construción de estratexias, na toma de decisións, na comunicación de proxectos persoais e na base da autonomía persoal.

A comunicación, verbal e non verbal, das diferentes linguas que se utilicen, mellorará a autoestima e o desenvolvemento persoal, e garantirá unha adecuada interacción social.

- **Competencia dixital**

Esta área contribúe á competencia dixital proporcionando coñecementos e destrezas para buscar, obter e tratar información, así como para utilizala de xeito crítico e sistemático, avaliando a súa pertinencia. En especial, para a comprensión desta información, a súa organización textual e o seu uso na expresión oral e escrita.

O currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos, o que significa algo máis que un cambio de soporte, xa que afecta as operacións mesmas que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, etc.) e que constitúen un dos contidos básicos desta área, cuestión que incide directamente na adquisición e mellora da competencia dixital. Ademais, os medios de comunicación dixitais que xorden continuamente implican un uso social e colaborador da escritura que permite concibir a aprendizaxe da lingua no marco dun verdadeiro intercambio comunicativo.

- **Competencia de conciencia e expresións culturais**

As áreas de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura contribúen ao desenvolvemento desta competencia na medida en que se convirten en ferramenta fundamental na realización, expresión creativa e apreciación das obras en distintos medios, como a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas.

A lectura, comprensión e valoración das obras literarias permiten o desenvolvemento da capacidade de percibir os recursos lingüísticos e literarios, e o agrado pola lectura como actividade enriquecedora e pracenteira á vez que se dá canle á tendencia natural do ser humano ao xogo, ao pracer, á liberdade e á imaxinación creadora.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

O bo desenvolvemento da actividade comunicativa favorece e axuda a mellora da adquisición de coñecementos. A adecuada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes na resolución de problemas matemáticos. A orde e a boa disposición nas diferentes formulacións de hipóteses xeran unha mellor comunicación das experiencias.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.:

- Probas de avaliación orais e/ou escritas.
- Observación sistemática e rexistro do traballo e actitudes dos alumnos.
- Revisión dos cadernos, fichas, traballos...

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

- Velocidade e comprensión lectora (10%)
- Expresión oral e escrita (20%).
- Caligrafía e ortografía (10%).
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude .Coidado e limpeza na realización das tarefas (10%).
- Traballo de aula (30%).
- Probas de avaliación (20%).
- No caso de non realizarse probas de avaliación, o 20% engadirase ao 30% de traballo de aula, pasando este a ter un 50%.

UNIDADE 1

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 9 de setembro e o 8 de outubro.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none">- Comprender un texto en audio.- escoitar, comprender e ler un breve conto.- Observar como as palabras se forman con letras e sílabas.- Recordar o abecedario da lingua galega e a orde alfabética.- Recordar a norma ortográfica de maiúscula despois de punto.<ul style="list-style-type: none">- Redactar unha ficha literaria.	<p>Bloque 1. Comunicación oral: Falar e escoitar</p> <p>B1.1. Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato.</p> <p>B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.</p> <p>B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).</p> <p>B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.</p> <p>B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das</p>

normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).

B1.6. Uso de fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

Bloque 2. Comunicacion escrita: Ler

B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.

B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.

B2.5. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

B2.7. Introducción ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

B2.8. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.

B2.9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer.

B2.10. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal.

Bloque 3. Comunicacion escrita: Escribir

B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.

B3.6. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.

B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.

B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión.

B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.

Bloque 4. Coñecemento da lingua

B4.1 Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.

B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.

B4.6. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.

Bloque 5. Educación literaria

B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.

B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

AVALIACIÓN

Craterios de avaliación	Estándares de avaliación	CC. clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	CCL CAA	Rúbricas de avaliación... - ...de escoita activa en audicións. - ...de traballos cooperativos. Diana de autoavaliación da actitude na aula.
	LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.	CCL CSC	
B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.	CCL CD CAA CSC	<p>Rexistro de observación do caderno do alumno e da alumna.</p> <p>Proba e avaliación da unidade.</p>
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	CCL CAA CSC CSIEE	
	LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.	CCL CAA	
	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.	CCL CSIEE CAA	
	LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.	CCL CSIEE CAA	
B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións	LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.	CCL CSC	

dos e das demais.	LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.	CCL CSC	
B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	CCL CSC CAA	
	LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	CCL CSC CCEC	
	LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	CCL CSC CCEC	
	LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	CCL CSC CCEC	
	LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas.	CCL CSC CCEC	
<ul style="list-style-type: none">- Construír e memorizar as tablas do 3, do 6 e do 9.- Repasar as tablas de multiplicar vistas en unidades anteriores.- Coñecer e utilizar unidades de masa: o kilo, o medio kilo e o cuarto de kilo.- Interpretar datos en gráficos de pictogramas.- Realizar estratexias de cálculo mental.- Resolver problemas de maneira escrita e oral.- Aprender e aplicar estratexias de razoamento e lóxica.	<p>Bloque 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS</p> <p>B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación plantexada, o proceso seguido e as solucións obtidas.</p> <p>B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenrolar actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</p> <p>Bloque 2. NÚMEROS</p> <p>B2.1. Números naturais ata o 999.</p> <p>B2.2. Nome e grafía dos números ata o 999.</p> <p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas.</p> <p>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p> <p>B2.9. Números pares e impares.</p> <p>B2.12. Iniciación no desenrolo de estratexias persoais de cálculo mental. (Nesta unidade, restar centenas completas a números de tres cifras).</p> <p>B2.13. Gusto pola presentación ordeada e limpa dos cálculos e os resultados.</p> <p>B2.17. Cálculo de multiplicacións.</p> <p>B2.18. Construcción das tablas de multiplicar, apoiándose no número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas...</p> <p>B2.20. Utilización en situacións familiares das sumas, restas e multiplicacións.</p> <p>B2.21. Resolución de problemas da vida cotiá.</p> <p>Bloque 3. MEDIDA</p> <p>B3.2. Unidades de peso: kilo, medio kilo e cuarto de kilo.</p> <p>B3.4. Elección da unidade máis apropiada para a expresión dunha medida.</p> <p>B3.5. Realización de medicións.</p> <p>B3.11. Resolución de problemas de medida.</p> <p>Bloque 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE</p> <p>B5.1. Interpretación de diferentes gráficos: de barras, de barras dobres, de pictogramas e estadísticas.</p> <p>B5.2. Utilización de técnicas para a recollida e ordeación de datos en contextos familiares e próximos.</p>

AVALIACIÓN			
Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	CMCT CCL	Rúbricas para avaliar: - As intervencións en clase: exposición oral. - A resolución de problemas.
B1.2. Desenrolar e cultivar as actitudes persoais polo traballo limpo, claro e ordeado no caderno e en calquer aspecto que se traballe na área de Matemáticas.	MTB1.2.1. Desenrola e amosa actitudes idóneas para o traballo limpo, claro e ordeado no caderno e en calquer aspecto que se traballe na área de Matemáticas.	CMCT CAA	Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - A autonomía persoal.
B2.1. Ler, escribir e ordear números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordea números ata o 999.	CMCT CCL	Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - O traballo con imaxes.
	MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	CMCT CAA	
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	CMCT CAA CCL	Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - O traballo con imaxes.
	MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.	CMCT	
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situacións de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA	Rúbrica para avaliar a resolución de problemas.
	MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.		Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - A autonomía persoal. - A valoración do cálculo mental.
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados, reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT CAA	Rúbricas para avaliar: - A comprensión lectora (comprensión escrita). - A resolución de problemas.
	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicando á resolución de problemas, revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CMCT CSIEE CAA	
B3.2. Coñecer e utilizar o kilo, o medio kilo e o cuarto de kilo como unidades de medida de peso.	MTB3.2.1. Coñece e utiliza o kilo, o medio kilo eo cuarto de kilo como unidades de medida de peso.	CMCT	Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - A autonomía persoal.
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e	MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.	CMCT CAA	Rúbrica para avaliar a resolución de problemas.
	MTB3.6.2. Reflexiona sobre o	CMCT	

valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos apropiados reflexionando sobre o	proceso seguido na resolución de problemas revisando nas operacións empregadas e as unidades dos resultados.	CAA CSIEE	
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algún dos recursos de representación gráfica: tablas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.	CMCT CAA	Rúbrica para avaliar a búsqueda e o tratamento da información.
	MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que intervéñen a lectura de gráficos.		

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Os contidos desta unidade que se traballan de forma manipulativa son:

- As tablas do 3, do 6 e do 9.
- Repaso de tablas de multiplicar.
- O kilo, o medio kilo e o cuarto de kilo.
- Gráficos de pictogramas.

Esta unidade traballa de maneira manipulativa as tablas do 3, do 6 e do 9.

A **resolución de problemas** trabállase dende unha **perspectiva amplaa** tanto de **tipoloxía de problemas e contextos**, como de **estratexias** para resolvelos. Todo elo para conseguir algo fundamental a estas idades e é que o alumnado se **namore do reto que supón comprender e resolver un problema**.

En concreto, nesta unidade trabállanse:

- **Problemas para resolver aplicando os algoritmos estudados e técnicas de resolución de problemas:**
 - Inventar e debuxar un problema a partir dunha operación.
- **Problemas para resolver en voz alta:**
 - Comprensión do texto en situacións de agrupación.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Matemáticas:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas.
- Cadernos.
- Recursos fotocopiados da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que os titores consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se o/a titor/a o considera oportuno e relevante:

- <http://anayadigital.es>

- <http://roble.pntic.mec.es>

- <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>
- <http://www.actiludis.com/>
- <http://www.orientacionandujar.es/>

UNIDADE 11

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 2 e o 13 de maio.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"> - Construír e memorizar a tabla do 7. - Repasar as tablas de multiplicar vistas en unidades anteriores. - Calcular o produto de multiplicacións con números de dúas cifras no multiplicando. - Repasar as operacións aprendidas ata o momento (suma, resta e multiplicación). - Coñecer e utilizar unidades capacidade: o litro, o medio litro e o cuarto de litro. - Interpretar sucesos seguros, posibles e imposibles. - Realizar estratexias de cálculo mental. - Resolver problemas de maneira escrita e oral. - Aprender e aplicar estratexias de razoamento e lóxica. 	<p>Bloque 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS</p> <p>B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación plantexada, o proceso seguido e as solucións obtidas.</p> <p>B1.2. Confiianza nas propias capacidades para desenrolar actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</p> <p>Bloque 2. NÚMEROS</p> <p>B2.8. Construcción de series ascendentes e descendentes.</p> <p>B2.12. Iniciación no desenrolo de estratexias persoais de cálculo mental. (Nesta unidade, sumar decenas completas a números de tres cifras.)</p> <p>B2.13. Gusto poa presentación ordeada e limpa dos cálculos e os resultados.</p> <p>B2.14. Cálculo de sumas e restas con levadas.</p> <p>B2.17. Cálculo de multiplicacións.</p> <p>B2.18. Construcción das tablas de multiplicar, apoiándose no número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas...</p> <p>B2.20. Utilización en situacións familiares das sumas, restas e multiplicacións.</p> <p>B2.21. Resolución de problemas da vida cotiá.</p> <p>Bloque 3. MEDIDA</p> <p>B3.3. Unidades de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro.</p> <p>B3.4. Elección da unidade máis apropiada para a expresión dunha medida.</p> <p>B3.5. Realización de medicións.</p> <p>B3.11. Resolución de problemas de medida.</p> <p>Bloque 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE</p> <p>B5.3. Distinción entre o imposible, o seguro e aquilo que é posible pero non seguro, e utilización na linguaxe habitual e de expresións relacionadas coa probabilidade.</p>

AVALIACIÓN

Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	CMCT CCL	Rúbricas para avaliar: - As intervencións na clase: exposición oral. - A resolución de problemas.

<p>B1.2. Desenvolar e cultivar as actitudes personis polo traballo matemático ben feito.</p>	<p>MTB1.2.1. Desenvola e amosa actitudes idóneas para o traballo limpo, claro e ordeado no caderno e en calquer aspecto que setraballe na área de Matemáticas.</p>	<p>CMCT CAA</p>	<p>Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - A autonomía persoal.</p>
<p>B2.1. Ler, escribir e ordear números enteiros empregando razoamentos axeitados.</p>	<p>MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.</p>	<p>CMCT CAA</p>	<p>Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - O traballo con imaxes.</p>
<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situacións de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos cas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.</p>	<p>CMCT CAA</p>	<p>Rúbrica para avaliar a resolución de problemas.</p>
	<p>MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.</p>		
	<p>MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.</p>	<p>CMCT CAA</p>	<p>Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - A autonomía persoal. - A valoración do cálculo mental.</p>
<p>B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados, reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</p>	<p>CMCT CAA</p>	<p>Rúbricas para avaliar: - A comprensión lectora (comprensión escrita). - A resolución de problemas.</p>
	<p>MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas, revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</p>	<p>CMCT CSIEE CAA</p>	
<p>B3.3. Coñecer e utilizar o litro, o medio litro e ol cuarto de litro como unidades de medida de capacidade.</p>	<p>MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, o medio litro e o cuarto de litro como unidades de medida de capacidade.</p>	<p>CMCT</p>	<p>Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - O traballo con imaxes.</p>
<p>B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.</p>	<p>CMCT CAA</p>	<p>Rúbrica para avaliar a resolución de problemas.</p>
	<p>MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións empregadas e as unidades dos resultados.</p>	<p>CMCT CAA CSIEE</p>	
<p>B5.2. Realizar estimacións en situacións de azar empregando vocabulario: seguro, posible e imposible.</p>	<p>MTB5.2.1. Diferencia o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.</p>	<p>CMCT CAA</p>	<p>Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - O traballo con imaxes.</p>

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Os contidos desta unidade que se traballan de forma manipulativa son:

- A tabla del 7.
- Repaso de tablas de multiplicar.
- A multiplicación en vertical.
- O litro, medio litro e cuarto de litro.
- Seguro, posible, imposible.

Esta unidade traballa de maneira manipulativa a tabla do 7.

A **resolución de problemas** trabállase dende unha **perspectiva amplaa** tanto de **tipoloxía de problemas e contextos**, como de **estratexias** para resolvelos. Todo elo para conseguir algo fundamental a estas idades e é que o alumnado se **namore do reto que supón comprender e resolver un problema**.

En concreto, nesta unidade trabállanse:

- **Problemas para resolver aplicando os algoritmos estudados e técnicas de resolución de problemas:**
 - Resolver problemas con dúas operacións.
- **Problemas para resolver en voz alta:**
 - Comprensión do texto en situación de cálculo de capacidades.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Matemáticas:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas.
- Cadernos.
- Recursos fotocopiados da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que os titores consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se o/a titor/a o considera oportuno e relevante:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://roble.pntic.mec.es>
 - <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>
 - <http://www.orientacionandujar.es/>

UNIDADE 12

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 18 de maio e o 21 de xuño.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"> - Identificar e utilizar os vinte primeiros números ordinais. - Representar números de tres cifras no ábaco vertical. - Calcular a metade dunha cantidade. - Realizar estratexias de cálculo mental. - Coñecer e utilizar moedas e billetes de euro. - Resolver problemas de maneira escrita e oral. - Aprender e aplicar estratexias de razoamento e lóxica. 	<p>Bloque 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS</p> <p>B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación plantexada, o proceso seguido e as solucións obtidas.</p> <p>B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenrolar actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</p> <p>B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.</p> <p>Bloque 2. NÚMEROS</p> <p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas.</p> <p>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p> <p>B2.10. Identifica e relaciona oos números ordinais do 1º ao 10º.</p> <p>B2.11. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</p> <p>B2.12. Iniciación no desrolo de estratexias persoais de cálculo mental. (Nesta unidade, restar decenas completas a números de tres cifras.)</p> <p>B2.13. Gusto pola presentación ordeada e limpa dos cálculos e os resultados.</p> <p>B2.14. Cálculo de sumas e restas con levadas.</p> <p>B2.17. Cálculo de multiplicacións..</p> <p>B2.20. Utilización en situacións familiares das sumas, restas e multiplicacións.</p> <p>B2.21. Resolución de problemas da vida cotiá.</p> <p>Bloque 3. MEDIDA</p> <p>B3.8. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.</p> <p>B3.9. Manexo de precios de obxectos cotiás.</p> <p>B3.10. Equivalencias entre moedas e billetes.</p> <p>B3.11. Resolución de problemas de medida.</p>

AVALIACIÓN

Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	CMCT CCL	Rúbricas para avaliar: - As intervencións en clase: exposición oral. - A resolución de problemas.
B1.2. Desenrolar e cultivar as actitudes persoais polo traballo	MTB1.2.1. Desenrola e amosa actitudes idóneas para o traballo	CMCT	Rúbricas para avaliar:

matemático ben feito.	limpo, claro e ordeado no caderno e en calquer aspecto que se vaia a traballar na área de Matemáticas.	CAA	- Traballos escritos. - A autonomía personal.
B1.3. Utilizar, coa axuda guiada do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.	MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	CMCT CD CAA	Rúbrica para avaliar o uso das TIC e as TAC.
B2.1. Ler, escribir e ordear números enteiros empregando razoamentos axeitados.	MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	CMCT CAA	Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - O traballo con imaxes.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.	CMCT	Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - O traballo con imaxes.
	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	CMCT CAA CCL	
	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT	
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situacións de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA	Rúbrica para avaliar a resolución de problemas.
	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos ca operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.		
	MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.	CMCT CAA	Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - A autonomía persoal. - A valoración do cálculo mental.
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados, reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT CAA	Rúbricas para avaliar: - A comprensión lectora (comprensión escrita). - A resolución de problemas.
	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas, revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CMCT CSIEE CAA	
B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situacións reais como figuradas.	CMCT CAA CSC	Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos. - O traballo con imaxes.

B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexioando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.	CMCT CAA	Rúbrica para avaliar a resolución de problemas.
	MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións empregadas e as unidades dos resultados.	CMCT CAA CSIEE	

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Os contidos desta unidade que se traballan de forma manipulativa son:

- Os números ordinais.
- Os números no ábaco.
- Mitade dunha cantidade.
- Moedas e billetes de euro.

Esta unidade traballa de maneira manipulativa os números no ábaco.

A **resolución de problemas** trabállase dende unha **perspectiva amplaa** tanto de **tipoloxía de problemas e contextos**, como de **estratexias** para resolvelos. Todo elo para conseguir algo fundamental a estas idades e é que o alumnado se **namore do reto que supón comprender e resolver un problema**.

En concreto, nesta unidade trabállanse:

- **Problemas para resolver aplicando os algoritmos estudados e técnicas de resolución de problemas:**
 - Resolver problemas con dúas operacións.
- **Problemas para resolver en voz alta:**
 - Comprensión do texto en situación de cálculo con moedas e billetes.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Matemáticas:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas.
- Cadernos.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que os titores consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se o/a titor/a o considera oportuno e relevante:

- <http://anayadigital.es>
- <http://roble.pntic.mec.es>
- <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>
- <http://www.actiludis.com/>

- <http://www.orientacionandujar.es/>

CIENCIAS DA NATUREZA

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Facer predicións a partir da análise de información sobre feitos ou fenómenos e comunicar os seus resultados a través da xeración de supostos ou hipóteses.
2. Expresar oralmente os resultados obtidos en proxectos ou investigacións apoiando o discurso en datos gráficos.
3. Desenvolver o traballo cooperativo en actividades grupais fomentando os principios e valores da interacción social.
4. Utilizar o coñecemento das distintas partes do corpo e as súas características para desenvolver unha vida saudable.
5. Coñecer a función respiratoria e a súa importancia para a vida.
6. Desenvolver hábitos saudables e relacionais co benestar persoal.
7. Utilizar a observación como recurso na obtención e na análise de información.
8. Afondar no coñecemento das plantas a través da clasificación das distintas especies.
9. Manexar distintas fontes e Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
10. Clasificar materiais segundo as súas propiedades.
11. Recoñecer e discernir as causas e os efectos dos cambios e as transformacións que se producen nos obxectos e materiais.
12. Realizar experimentos baseándose no método científico nos procesos de investigación para abordar distintos aspectos da natureza e da vida cotiá.
13. Valorar o medio a través do coñecemento do medio físico e os seus recursos.
14. Afondar na utilización de obxectos e aparatos simples a través da súa montaxe e desmontaxe.
15. Coñecer distintas profesións do ámbito e a súa achega ao medio.
16. Desenvolver unha actitude de coidado e seguridade no manexo de materiais, ferramentas e substancias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

(Indicación dos mínimos para avaliación positiva e % na cualificación)

Nesta área incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe de forma substancial á competencia básica en ciencia e tecnoloxía xa que moitas das aprendizaxes que integra están totalmente centradas na interacción do ser humano co mundo que o rodea. A competencia vaise construíndo a través da apropiación de conceptos e habilidades que permiten interpretar o mundo físico próximo, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

A área, por outra parte, axúdalle ao alumnado a construír un coñecemento da realidade que, partindo das súas propias vivencias, percepcións e representacións, sexa progresivamente máis obxectivo e compartido, ademais de proporcionarlle os instrumentos necesarios para comprender, explicar e actuar nesa realidade. Así mesmo, contribúe de xeito significativo á educación para a sustentabilidade, desenvolvendo habilidades e competencias que fomentan o uso responsable dos recursos naturais, a conservación da diversidade natural, o consumo racional, a protección da saúde individual e colectiva, a repartición equitativa da riqueza e a solidariedade global e interxeracional.

A área ofrece a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como: lectura de mapas; comprensión e realización de escalas; lectura, representación interpretación e comunicación de gráficas; emprego de unidades de medida, etc., contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicarlle as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A área contribúe de forma substancial a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das súas aprendizaxes. A información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, xa que logo, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico ou observar un fenómeno, esixe procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe na área.

O alumnado deberá diferenciar progresivamente entre a linguaxe que fai posible a comunicación entre as persoas e a que utiliza a ciencia para explicar os feitos e fenómenos. Empregarase tanto a linguaxe oral coma a escrita, a gráfica ou a simbólica. É importante o vocabulario específico utilizado pola área. Ademais da contribución da área ao aumento significativo da riqueza do vocabulario específico, na

medida que, nos intercambios comunicativos se valore a claridade, exposición, rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a sintaxe, etc..., estarase desenvolvendo esta competencia.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital

A área inclúe explicitamente os contidos que conducen á alfabetización dixital, coñecemento cuxa aplicación contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a busca guiada na internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desta competencia. As TIC constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio. Ademais é unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes, pois permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos á súa experiencia.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia, con respecto á área de Ciencias da natureza, require os coñecementos que lles permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Desde a área de Ciencias da Natureza contribuiremos a esta competencia na medida que os alumnos desenvolverán as súas habilidades de relación social e respecto nos traballos grupais, así como no uso de novas metodoloxías como o traballo por proxectos ou as aprendizaxes baseadas en problemas que

requirirán dunha maior autonomía e capacidade de reacción do alumnado de modo que se potencien estas habilidades.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Ciencias da Natureza inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento do sentido de iniciativa persoal ao ensinar a tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo, tanto no ámbito escolar coma na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer. A planificación e xestión de proxectos de traballo ben de forma individual ou en equipo, contribúen ao desenvolvemento desta competencia xa que implican transformar as ideas en accións, afrontar os problemas e aprender dos erros, calcular e asumir riscos, elixir con criterio propio, ser perseverante e responsable, ser creativo e emprendedor, manter a motivación, ser crítico e manter a autoestima e tamén obriga a dispoñer de habilidades sociais de relación e liderado de proxectos. Nesta área o traballo por proxectos ou a aprendizaxe baseada en problemas farán que o alumno adquira todas estas destrezas.

Neste caso, os descritores que se van adestrar serán:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Darlle prioridade á consecución de obxectivos grupais fronte a intereses persoais.

Aprender a aprender

Para que esta área contribúa ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, para organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe desta área. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serán:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

- Observación sistemática e rexistro do traballo e actitudes dos alumnos.
- Revisión dos cadernos, fichas, traballos...
- Probas de avaliación orais e/ou escritas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Traballo de aula: 30%
- Interese, actitude e esforzo pola aprendizaxe: 10%
- Curiosidade e creatividade: 10%
- Participación: 10%
- Probas de avaliación: 20%
- Finalización de tarefas: 20%
- En caso de non realizarse probas de avaliación, o 20% correspondente ás mesmas englobarase no 30% relativo ao traballo de aula, que terá un peso final de 50%

UNIDADE 1

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 9 de setembro e o 29 de outubro

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar coñecementos, habilidades e destrezas asociados á actividade científica. - Adquirir e utilizar de forma oral e escrita o vocabulario relacionado coa anatomía e coa fisioloxía do corpo humano. - Observar, identificar e describir as principais partes do corpo humano e relacionalas coa realización das funcións vitais básicas (nutrición, relación e reprodución). - Coñecer os cambios nas etapas da vida humana. 	<p>Bloque 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <p>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.5. O traballo cooperativo.</p> <p>Bloque 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</p> <p>B2.1. Identificación e observación das partes do corpo humano.</p> <p>B2.3. Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais.</p> <p>B2.4. Aceptación do propio corpo e do dos demais, coas súas limitacións e posibilidades.</p> <p>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, alegría, felicidade) e de sentimentos propios e alleos</p>

AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	CC. clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar e seleccionar información dunha forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCT CSIEE	Rúbricas para avaliar: - O uso das TIC e das TAC. - A autonomía persoal.
B1.2. Traballar de forma cooperativa respectando os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CMCT CSC CSIEE	Rúbrica para avaliar a participación en traballos cooperativos Diana de autoavaliación do traballo diario.
B2.1. Identificar as similitudes e diferenzas entre as persoas valorando a súa diversidade.	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compáraas coas doutros seres vivos.	CMCT CCL CSC	Rúbricas para avaliar: - O traballo con imaxes. - A comprensión lectora (comprensión escrita). - Os traballos escritos. - A autonomía persoal. Diana de autoavaliación das emocións.
	CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.	CMCT	
	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos	CMCT	

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Desde o enfoque actual das Ciencias da Natureza, esta unidade constitúe un instrumento para que o alumnado integre coñecementos, habilidades e destrezas relacionados co coñecemento das partes do corpo humano e a súa relación coas funcións vitais, así como o coñecemento das diferentes etapas da vida.

Outórgaselle un carácter transversal á unidade propoñendo que o alumnado se inicie no coñecemento e no uso dalgunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e a análise de problemas; a recollida, a organización e o tratamento de datos; a busca de solucións; a utilización de fontes de información e a comunicación de resultados oral e por escrito.

Tratarase de desenvolver as habilidades e estratexias necesarias para que o alumnado recorde a información recibida acerca do seu propio corpo e sexa capaz de extrapolala ás actividades propostas e ao reto que propón a unidade, de maneira que aplique os coñecementos que vaia adquirindo.

Dáselle ao conxunto de actividades un carácter máis competencial indicando, a través duns símbolos, a posibilidade de traballar un Plan Lingüístico, estratexias e destrezas de pensamento, a educación emocional, a aprendizaxe cooperativa e a cultura emprendedora.

Ademais, dado o carácter experiencial desta área, propúxose unha parte destinada á zona ciencia, onde o alumnado aprenda a través da experimentación e manipulación aqueles contidos propostos na unidade.

Na última parte do tema temos actividades para que o alumnado repase e consolide o que aprendeu.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias da natureza:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas.
- Cadernos.
- Recursos fotocopiabiles da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que as titoras consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se a titora o considera oportuno e relevante:

- <http://anayadigital.es>

- <http://roble.pntic.mec.es>

- <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar>

UNIDADE 2

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 2 de novembro e o 21 de decembro.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS		CONTIDOS	
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar coñecementos, habilidades e destrezas asociados á actividade científica. - Adquirir e utilizar de forma oral e escrita o vocabulario relacionado coa saúde e cos hábitos saudables. - Coñecer e aplicar as claves para o mantemento dun bo estado de saúde, poñendo atención á dieta, á hixiene e ao descanso. - Recoñecer as emocións e os sentimentos propios e alleos para poder expresalos, pedir axuda, resolver conflitos e desenvolver empatía e respecto. 		<p align="center">Bloque1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <p>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.5. O traballo cooperativo.</p> <p>B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.</p> <p align="center">Bloque 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</p> <p>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, alegría, felicidade) e de sentimentos propios e alleos.</p> <p>B2.6. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.</p> <p>B2.7. Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu ámbito e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen.</p> <p>B2.8. Pirámide alimentaria.</p> <p>B2.9. Alimentos diarios necesarios.</p> <p>B2.10. Análise de costumes na alimentación diaria.</p>	
AVALIACIÓN			
Craterios de avaliación	Estándares de avaliación	CC. clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar e seleccionar información dunha forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCT CSIEE	Rúbricas para avaliar: - O uso das TIC e das TAC. - A autonomía persoal.
B1.2. Traballar de forma cooperativa respectando os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CMCT CSC CSIEE	Rúbrica para avaliar a participación en traballos cooperativos Diana de autoavaliación do traballo diario.
B2.1. Identificar as similitudes e as diferenzas entre as persoas valorando a súa diversidade.	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos	CMCT CSC CCL	Diana de autoavaliación das emocións.

B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.	CMCT CSC CAA	Rúbricas para avaliar: - A comprensión lectora (comprensión escrita). - Investigacións e experimentos.
	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.	CMCT CSC	- O traballo con imaxes. - A autonomía persoal.
B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios e aplica o menú semanal de merendas na escola.	CMCT	Rúbricas para avaliar: - A comprensión lectora (comprensión escrita). - O traballo con imaxes. - A autonomía persoal.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Desde o enfoque actual das Ciencias da Natureza, esta unidade constitúe un instrumento para que o alumnado integre coñecementos, habilidades e destrezas para que, desde o coñecemento do propio corpo, se poidan prever condutas de risco e tomar iniciativas para desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida saudables.

Outórgaselle un carácter transversal á unidade propoñendo que o alumnado se inicie no coñecemento e no uso dalgunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e a análise de problemas; a recollida, a organización e o tratamento de datos; a busca de solucións; a utilización de fontes de información e a comunicación de resultados oral e por escrito.

Tratarase de desenvolver as habilidades e estratexias necesarias para que o alumnado recorde a información recibida acerca da saúde e dos hábitos para a vida saudable, e sexa capaz de extrapolarla ás actividades propostas e ao reto que propón a unidade, de maneira que aplique os coñecementos que vaia adquirindo.

Dáselle ao conxunto de actividades un carácter máis competencial indicando, a través duns símbolos, a posibilidade de traballar un Plan Lingüístico, estratexias e destrezas de pensamento, a educación emocional, a aprendizaxe cooperativa e a cultura emprendedora.

Ademais, dado o carácter experiencial desta área, propúxose unha parte destinada á zona ciencia, onde o alumnado aprenda a través da experimentación e manipulación aqueles contidos propostos na unidade.

Na última parte do tema propóñense actividades para que o alumnado repase e consolide o que aprendeu.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias da natureza:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas.

- Cadernos.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que as titoras consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se a titora o considera oportuno e relevante:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://roble.pntic.mec.es>
 - <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

UNIDADE 3

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 10 de xaneiro e o 11 de febreiro.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS		
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar coñecementos, habilidades e destrezas asociados á actividade científica. - Identificar as características dos seres vivos e as súas diferenzas. - Identificar os diferentes grupos de animais e describir as principais características de cada un deles. - Mostrar condutas de coidado e respecto cara aos seres vivos. 	<p style="text-align: center;">Bloque 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para reunir conclusións.</p> <p>B1.5. O traballo cooperativo.</p> <p style="text-align: center;">Bloque 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</p> <p>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, alegría, felicidade) e de sentimentos propios e alleos.</p> <p style="text-align: center;">Bloque 3. OS SERES VIVOS</p> <p>B3.1. Diferenzas entre seres vivos e inertes.</p> <p>B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu ámbito.</p> <p>B3.3. Observación dun animal no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregaranse diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos...</p> <p>B3.4. Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os/as compañeiros/as.</p> <p>B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de animais domésticos.</p> <p>B3.6. Respetto polos seres vivos do ámbito.</p>		
	AVALIACIÓN		
Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	CC. clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar e seleccionar información dunha forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifiesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCT CSIEE	Rúbricas para avaliar: - O uso das TIC e das TAC. - A autonomía persoal.
B1.2. Traballar de forma cooperativa respectando os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CMCT CSC CSIEE	Rúbrica para avaliar a participación en traballos cooperativos Diana de autoavaliación do traballo diario.
B2.1. Identificar as similitudes e as diferenzas entre as persoas valorando a súa diversidade.	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCT CSC CCL	Diana de autoavaliación das emocións.
B3.1. Identificar as principais	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre	CMCT	Rúbricas para avaliar:

características e os comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu ámbito.	seres vivos e inertes observando o seu ámbito.	CCL	- A comprensión lectora (comprensión escrita).
	CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu ámbito empregando diferentes soportes.	CMCT CCL	- O traballo con imaxes. - Os traballos escritos.
B3.2. Observar e rexistrar, de xeito elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de forma oral e escrita os resultados empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu ámbito e adopta hábitos de respecto.	CMCT CCL CSC	Rúbricas para avaliar: - As investigacións - A comprensión lectora (comprensión escrita). - Os traballos escritos.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Desde o enfoque actual das Ciencias da Natureza, esta unidade constitúe un instrumento para que o alumnado integre coñecementos, habilidades e destrezas que lle permitan recoñecer as múltiples dormas de vida no ámbito que nos rodea, centrándonos primeiro nos animais. A proposta de traballo introduce coñecementos, habilidades e valores cun vocabulario específico relacionado coas características fundamentais dos seres vivos (as funcións vitais), os tipos de seres que existen e a clasificación dos diferentes tipos de animais.

Outórgaselle un carácter transversal á unidade propoñendo que o alumnado se inicie no coñecemento e no uso dalgunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e a análise de problemas; a recollida, a organización e o tratamento de datos; a busca de solucións; a utilización de fontes de información e a comunicación de resultados oral e por escrito.

As actividades que se leven a cabo teñen o propósito de:

- Espertar o interese pola observación e polo estudo dos seres vivos:
- De xeito directo, mediante a observación de animais e plantas cos medios tecnolóxicos de observación adecuados, como a lupa ou os prismáticos.
- De xeito indirecto, mediante a observación de imaxes e a busca de información.
- Formular inferencias sinxelas a partir de datos evidentes: explicando, por exemplo, as razóns polas que os anfibios deben vivir preto da auga ou as razóns dos diferentes bicos das aves, ou adiviñar animais que cumpran varios criterios á vez.
- Planificar o traballo de xeito individual e colectivo á hora de realizar as actividades propostas, a clasificación de animais na zona ciencia ou o produto final.

- Fomentar o traballo en equipo mediante valores de respecto, diálogo, responsabilidade e compañeirismo ao preparar, expoñer e escoitar as exposicións sobre as mascotas doutros compañeiros e doutras compañeiras.
- Desenvolver o pensamento científico: recompilando datos procedentes de observacións directas mediante lupas ou prismáticos, ou procedentes da consulta de diversos medios, e comunicar os resultados co apoio de materiais creados, como artigos, traballos ou vídeos...

A unidade fomenta a participación activa e directa do alumnado mediante a aplicación do aprendido para a superación dun reto proposto: investigar sobre os animais en xeral e sobre algún animal en particular para difundir esa información e facer que outras persoas participen dela. Con iso, preténdese motivar e provocar unha aprendizaxe máis significativa sobre os animais.

A unidade conclúe cunha serie de actividades que promoven a reflexión sobre a propia aprendizaxe.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias da natureza:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas.
- Cadernos.
- Recursos fotocopiabes da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que as titoras consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se a titora o considera oportuno e relevante:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://roble.pntic.mec.es>
 - <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

UNIDADE 4

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 14 de febreiro e o 25 de marzo.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS		CONTIDOS	
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar coñecementos, habilidades e destrezas asociados á actividade científica. - Identificar e describir as principais características anatómicas dos diferentes tipos de plantas e asocialas ás súas funcións vitais. - Comprender e valorar a importancia das plantas na natureza. - Coñecer os elementos que forman parte da natureza e as relacións que se dan entre todos eles, incluído o ser humano. - Mostrar condutas de coidado e respecto cara á natureza. 		<p>Bloque 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <p>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.5. O traballo cooperativo.</p> <p>Bloque 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</p> <p>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, alegría, felicidade) e de sentimentos propios e alleos</p> <p>Bloque 3. OS SERES VIVOS</p> <p>B3.1. Diferenzas entre seres vivos e inertes.</p> <p>B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu ámbito.</p> <p>B3.3. Observación dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos...</p> <p>B3.4. Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os/as compañeiros/as.</p> <p>B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos.</p> <p>B3.6. Respetto polos seres vivos do ámbito.</p>	
AVALIACIÓN			
Craterios de avaliación	Estándares de avaliación	CC. clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar e seleccionar información dunha forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCT CSIEE CD	Rúbricas para avaliar: - O uso das TIC e das TAC. - A autonomía persoal.
B1.2. Traballar de forma cooperativa respectando os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CMCT CSC CSIEE	Rúbrica para avaliar a participación en traballos cooperativos Diana de autoavaliación do traballo diario.

B2.1. Identificar as similitudes e as diferenzas entre as persoas valorando a súa diversidade.	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCT CSC CCL	Rúbricas para avaliar: - O traballo con imaxes - A comprensión lectora (comprensión escrita). - Os traballos escritos - As emocións. - A autonomía persoal.
B3.1. Identificar as principais características e os principais comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio tendo en conta o seu ámbito.	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu ámbito.	CMCT CCL	Rúbricas para avaliar: - A comprensión lectora (comprensión escrita). - O traballo con imaxes. - Os traballos escritos.
	CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu ámbito empregando diferentes soportes.	CMCT CCL	
B3.2. Observar e rexistrar, de xeito elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de forma oral e escrita os resultados empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu ámbito adoptando hábitos de respecto.	CMCT CCL CSC	Rúbricas para avaliar: - As investigacións. - A comprensión lectora (comprensión escrita). - Os traballos escritos.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Desde o enfoque actual das Ciencias da Natureza, esta unidade constitúe un instrumento para que o alumnado se oriente no coñecemento das múltiples formas de vida que son parte da natureza do ámbito e do modo en que se relacionan. Todo iso para que o alumnado comprenda mellor o feito de que o ser humano é unha parte máis da natureza, que depende dos demais elementos e que ten a responsabilidade de actuar de xeito adecuado para conservala.

Outórgaselle un carácter transversal á unidade propoñendo que o alumnado se inicie no coñecemento e no uso dalgunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e a análise de problemas; a recollida, a organización e o tratamento de datos; a busca de solucións; a utilización de fontes de información e a comunicación de resultados de forma oral e por escrito.

Trátase de desenvolver as habilidades e estratexias necesarias para que o alumnado recorde a información recibida e sexa capaz de extrapolala ás actividades propostas na unidade, de maneira que aplique os coñecementos que vaia adquirindo.

Dáselle ao conxunto de actividades un carácter máis competencial indicando, a través duns símbolos, a posibilidade de traballar un Plan Lingüístico, estratexias e destrezas de pensamento, a educación emocional, a aprendizaxe cooperativa, a TIC e a cultura emprendedora. Ademais, dado o carácter experiencial desta área, propúxose unha parte destinada á Zona ciencia, onde o alumnado aprenda a través da experimentación e manipulación aqueles contidos propostos na unidade.

Nas últimas páxinas da unidade propóñense actividades para que o alumnado repase e consolide o que aprendeu.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Matemáticas:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas e cadernos.
- Recursos fotocopiabiles da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que as titoras consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se a titora o considera oportuno e relevante:

- <http://anayadigital.es>

- <http://roble.pntic.mec.es>

- <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

UNIDADE 5

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 28 de marzo e o 29 de abril.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar coñecementos, habilidades e destrezas asociados á actividade científica. - Coñecer o concepto de materia, as súas propiedades xerais (masa e volume) e os seus estados. - Diferenciar e clasificar distintos materiais polas súas propiedades observables e relacionar esas propiedades e o uso dos materiais. - Comprender os cambios que poden experimentar os materiais e relacionalos coas súas causas. - Recoñecer a enerxía a partir das súas diferentes formas observables e das fontes das que a obtemos para utilizala. - Mostrar condutas de coidado e respecto cara á natureza a través do uso responsable da materia e da enerxía. 	<p>Bloque 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <p>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.5. O traballo cooperativo.</p> <p>B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.</p> <p>Bloque 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</p> <p>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, alegría, felicidade) e de sentimentos propios e alleos.</p> <p>Bloque 4: A MATERIA E A ENERXÍA</p> <p>B4.1. Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico.</p> <p>B4.2. Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida.</p> <p>B4.3. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu ámbito próximo.</p> <p>B4.4. Observación dos efectos da aplicación dunha forza.</p> <p>B4.5. Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.</p>

AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	CC. clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar e seleccionar información dunha forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCT CSIEE	Rúbricas para avaliar: - O uso das TIC e das TAC. - A autonomía persoal.
B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CMCT CSC CSIEE	Rúbrica para avaliar a participación en traballos cooperativos Diana de autoavaliación do traballo diario.
B2.1. Identificar as similitudes e as diferenzas entre as persoas valorando a súa diversidade.	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCT CSC CCL	Diana de autoavaliación das emocións.
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso	CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.	CMCT CSC CCL	Rúbricas para avaliar: - A autonomía persoal. - O traballo con imaxes.

responsable.	CNB4.1.2 Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.	CMCT CSC CSIEE	- Os traballos escritos.
B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.	CNB4.2.1. Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotiá.	CMCT CAA CSIEE	Rúbricas para avaliar: - A comprensión lectora (comprensión escrita).
	CNB4.2.2. Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.	CMCT CAA CSIEE	- O traballo con imaxes. - Tarefas e retos.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Desde o enfoque actual das Ciencias da Natureza, esta unidade constitúe un instrumento para que o alumnado se oriente no estudo das propiedades dos materiais de uso común, dos cambios que poden experimentar como consecuencia da súa interacción coas forzas e coas formas de enerxía, e das formas e fontes de enerxía que están presentes na natureza. Así mesmo, servirá para concienciar da necesidade de actuar de xeito responsable para conservar a natureza.

Máis que noutras unidades, esta constitúe un vehículo para que o alumnado se inicie no coñecemento e no uso dalgunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e a análise de problemas; a recollida, a organización e o tratamento de datos; a busca de solucións; a utilización de fontes de información, e a comunicación de resultados de forma oral e por escrito.

Trátase de desenvolver as habilidades e estratexias necesarias para que o alumnado recorde a información recibida e sexa capaz de extrapolala ás actividades propostas na unidade, de maneira que aplique os coñecementos que vaia adquirindo.

Dáselle ao conxunto de actividades un carácter máis competencial indicando, a través duns símbolos, a posibilidade de traballar un Plan Lingüístico, estratexias e destrezas de pensamento, a educación emocional, a aprendizaxe cooperativa, as TIC e a cultura emprendedora. Ademais, dado o carácter experiencial desta área, propúxose unha parte destinada á Zona ciencia, onde o alumnado aprenda a través da experimentación e manipulación aqueles contidos propostos na unidade.

Nas últimas páxinas da unidade propóñense actividades para que o alumnado repase e consolide o que aprendeu.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias da natureza:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas.
- Cadernos.
- Recursos fotocopiables da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que as titoras consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se a titora o considera oportuno e relevante:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://roble.pntic.mec.es>
 - <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar>

UNIDADE 6

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 2 de maio e o 21 de xuño.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar coñecementos, habilidades e destrezas asociados á actividade científica. - Coñecer o concepto de máquina e a necesidade de enerxía para o seu funcionamento. - Identificar os tipos de máquinas segundo a súa complexidade e o tipo de enerxía que utilizan. - Coñecer e aceptar as normas que hai que seguir para utilizar as máquinas de forma segura e previr ou evitar accidentes. - Coñecer os inventos e descubrimentos que, ao longo da historia, supuxeron grandes vantaxes para a humanidade ou melloras na vida cotiá. - Coñecer as TIC e adquirir nocións básicas sobre o seu manexo. 	<p>Bloque 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para reunir conclusións.</p> <p>B1.5. O traballo cooperativo.</p> <p>B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectuais.</p> <p>Bloque 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</p> <p>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, alegría, felicidade) e de sentimentos propios e alleos.</p> <p>Bloque 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS</p> <p>B5.1. Observación e clasificación de aparatos e máquinas sinxelas do ámbito identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas.</p> <p>B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparatos domésticos sinxelos e escolares, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar.</p> <p>B5.3. Prevención de riscos no emprego de máquinas e aparatos de uso cotián.</p> <p>B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.</p> <p>B5.5. Coidado dos recursos informáticos.</p>

AVALIACIÓN

Crterios de avaliación	Estándares de avaliación	CC. clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar e seleccionar información dunha forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCT CSIEE	Rúbricas para avaliar: - O uso das TIC e das TAC. - A autonomía persoal.
B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os/as compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CMCT CSC CSIEE	Rúbrica para avaliar a participación en traballos cooperativos Diana de autoavaliación do traballo diario.
B2.1. Identificar as similitudes e diferenzas entre as persoas valorando a súa diversidade.	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCT CSC CCL	Diana de autoavaliación das emocións.
B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparatos domésticos sinxelos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu ámbito e os beneficios que producen na vida cotiá.	CMCT CSC	Rúbricas para avaliar: - A comprensión lectora (comprensión escrita). - O traballo con imaxes.
	CNB5.1.2. Coñece os oficios das	CMCT	

	persoas do seu ámbito e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, e evita estereotipos sexistas.	CSC	
	CNB5.1.3. Manexa obxectos sinxelos de uso cotián e identifica as situacións que poden xerar riscos e estereotipos sexistas.	CSC	- Os traballos escritos. - O emprendemento. - O uso das TIC e das TAC.
B5.2. Usar o ordenador identificando os compoñentes básicos e cuidando o seu uso	CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.	CMCT CD CCL	Rúbricas para avaliar: - A comprensión lectora (comprensión escrita). - O traballo con imaxes.
	CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso del.	CMCT CD	- Avaliar tarefas e retos. - O uso das TIC e das TAC.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Desde o enfoque actual das Ciencias da Natureza, esta unidade constitúe un instrumento para que o alumnado se oriente no campo da tecnoloxía, a través do coñecemento e do estudo das máquinas e dos obxectos cotiáns. O proceso de aprendizaxe partirá da descrición, análise e clasificación das máquinas, seguirá coa aprendizaxe de técnicas básicas de montaxe e desmontaxe de obxectos sinxelos, e acabará cunha revisión e valoración do desenvolvemento tecnolóxico do ser humano ao longo da historia.

Esta unidade tamén servirá para que o alumnado se inicie no coñecemento e no uso dalgunhas das estratexias e técnicas habituais na análise de problemas; a recollida, a organización e o tratamento de datos; a utilización de fontes de información; a busca de deseño e construción de solucións, e a comunicación de resultados de forma oral e por escrito.

Trátase de desenvolver as habilidades e estratexias necesarias para que o alumnado recorde a información recibida e sexa capaz de extrapolala ás actividades propostas na unidade, de maneira que aplique os coñecementos que vaia adquirindo.

Dáselle ao conxunto de actividades un carácter máis competencial indicando, a través duns símbolos, a posibilidade de traballar un Plan Lingüístico, estratexias e destrezas de pensamento, a educación emocional, a aprendizaxe cooperativa, as TIC e a cultura emprendedora. Ademais, dado o carácter experiencial desta área, propúxose unha parte destinada á Zona ciencia, onde o alumnado aprenda a través da experimentación e manipulación aqueles contidos propostos na unidade.

Nas últimas páxinas da unidade propóñense actividades para que o alumnado repase e consolide o que aprendeu.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Matemáticas:

- Cadernos complementarios.

- Libro de texto.
- Fichas.
- Cadernos.
- Recursos fotocopiables da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que as titoras consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se a titora o considera oportuno e relevante:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://roble.pntic.mec.es>
 - <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

CIENCIAS SOCIAIS

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Utilizar diferentes fontes de información, directas e indirectas ou a través das TIC para abordar diferentes feitos ou fenómenos.
2. Desenvolver habilidades e capacidades como a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo, o traballo en equipo, a capacidade de comunicación, a creatividade e espírito emprendedor, o respecto aos demais, a cooperación e o diálogo na resolución de conflitos no ámbito de aprendizaxe da aula.
3. Practicar distintas formas de agrupamento, traballo e reflexión sobre a aprendizaxe no desenvolvemento dos contidos da área.
4. Crear estratexias de resolución de conflitos para interactuar dunha forma eficaz e construtiva na sociedade.
5. Recoñecer a importancia da auga para os seres vivos a través do coñecemento das súas características, propiedades e procesos.
6. Coñecer o medio natural e a influencia do home nel.
7. Identificar e clasificar rochas e minerais atendendo a diferentes criterios.
8. Manexar as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse no seu contorno máis próximo.
9. Comprender a organización social do seu contorno próximo.
10. Coñecer as manifestacións culturais e as obras máis representativas do patrimonio artístico, cultural e histórico da súa localidade.
11. Comprender distintas normas de relación e organización viaria.
12. Recoñecer as distintas profesións do seu contorno máis próximo.
13. Analizar as características dos medios de comunicación e identificar o seu papel na vida das persoas.
14. Recoñecer os cambios producidos nas persoas, na sociedade e na natureza co paso do tempo.
15. Manexar distintos procedementos de organización do tempo e recoñecer relacións de sucesión e simultaneidade.
16. Situar as distintas etapas da historia dos seres humanos, así como os obxectos que se utilizaban nelas.
17. Valorar a cultura, a historia e o patrimonio cultural e histórico como unha forma de coñecemento e ocio persoal.
18. Mostrar interese polo estudo de feitos e personaxes do pasado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

(Indicación dos mínimos para avaliación positiva e % na cualificación)

Nesta área incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe de forma substancial á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Así mesmo ofrece o uso de ferramentas matemáticas, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas, contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática para a resolución de tarefas e problemas da vida cotiá. Ao mesmo tempo, debe potenciar a interacción co mundo físico, xa que moitas das aprendizaxes integradoras están totalmente centrados na interacción do ser humano co mundo que o rodea. Así se vai desenvolvendo a competencia que permite interpretar o mundo físico, o achegamento ao método científico e tecnolóxico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A área de Ciencias Sociais contribúe significativamente a fomentar e mellorar a comunicación e o diálogo no alumnado, a estruturación do discurso, a capacidade de síntese e, polo tanto, o desenvolvemento da Competencia en comunicación lingüística.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

Competencia dixital

Contribúe tamén de forma relevante, á Competencia dixital. En primeiro lugar, a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da área, esta información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, polo tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno ou utilizar unha fonte histórica,

exixe o uso de procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, que son obxecto de aprendizaxe, nesta área.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Conciencia e expresións culturais

A contribución da área á Competencia conciencia e expresións culturais céntrase no coñecemento das manifestacións culturais, a valoración da súa diversidade e o recoñecemento daquelas que forman parte do patrimonio.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

Competencias sociais e cívicas

Respecto das competencias sociais e cívicas hai que considerar dous ámbitos. Por un lado as relacións próximas (a familia, os amigos/ás, os compañeiros/ás, etc.), que requiren favorecer a toma de conciencia persoal de emocións e sentimentos e o desenvolvemento de actitudes de comunicación, diálogo, de resolución de conflitos con asertividade. Un segundo ámbito é aquel que transcende as relacións próximas ao alumnado, abordar o barrio, o municipio, a comunidade, o estado, a Unión Europea, etc.

Comprender a súa organización, as súas funcións e os mecanismos de participación da cidadanía, vai máis alá dos aspectos conceptuais e require da aprendizaxe de destrezas sociais e actitudes.

Esta área convértese así nun espazo privilexiado para reflexionar sobre os conflitos, asumir responsabilidades con el respecto ao grupo, aceptar e elaborar normas de convivencia, tanto en situacións reais que hai que resolver diariamente coma nas propias do ámbito social en que se vive.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Inclúense contidos directamente relacionados co desenvolvemento da competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao ensinar a tomar decisións e iniciativas de forma autónoma e creativa de actividades de ocio.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Aprender a aprender

A aprendizaxe das Ciencias Sociais contribuirá ao desenvolvemento da competencia aprender a aprender, mediante desenvolvemento de técnicas para tratar a información: a realización de resumos, esquemas ou mapas conceptuais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe. Por outra parte, a reflexión e a expresión oral e escrita sobre que se aprendeu, como e para que, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. • Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

- Observación sistemática e rexistro do traballo e actitudes dos alumnos.
- Revisión dos cadernos, fichas, traballos...
- Probas de avaliación orais e/ou escritas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Traballo de aula: 30%
- Interese, actitude e esforzo pola aprendizaxe: 10%
- Curiosidade e creatividade: 10%

- Participación: 10%
- Probas de avaliación: 20%
- Finalización de tarefas: 20%
- En caso de non realizarse probas de avaliación, o 20% correspondente ás mesmas englobarase no 30% relativo ao traballo de aula, que terá un peso final de 50%

UNIDADE 1

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 9 de setembro e 29 de outubro.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e explicar diferentes formas de organización social do seu ámbito (barrio, localidade e municipio). - Coñecer quen forma o concello, como son elixidos e elixidas para o cargo e cales son algunhas das súas funcións. - Identificar responsabilidades e tarefas dos servizos municipais. - Valorar a participación dos cidadáns e das cidadás en diferentes grupos como medio para mellorar a nosa sociedade. - Identificar e interpretar os sinais de tráfico máis frecuentes e respectar as normas de seguridade viaria. - Manifestar curiosidade e respecto polas manifestacións culturais presentes no centro escolar e na súa localidade. - Recoñecer algunhas das obras máis representativas do patrimonio da súa localidade. - Desenvolver actitudes de cooperación, diálogo e traballo en equipo. - Elaborar proxectos sinxelos de forma guiada. - Utilizar a linguaxe oral como forma de comunicación habitual para expresar sentimentos, desexos e ideas. 	<p>Bloque 1. CONTIDOS COMÚNS</p> <p>B1.1. O establecemento de conxecturas, de predicións, e a observación e a experimentación como procesos básicos que favorecen a iniciación ao coñecemento científico</p> <p>B1.3. Introducción no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do portfolio e a comunicación das conclusións.</p> <p>B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de conseguir obxectivos.</p> <p>B1.8. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.</p> <p>Bloque 3: VIVIR EN SOCIEDADE</p> <p>B3.1. Quen goberna a túa localidade? O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía.</p> <p>B3.2. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos ou culturais.</p> <p>B3.3. Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais do ámbito.</p>

AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	CC. clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, da experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e das sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas, sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado	CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e da experimentación. Iníciase no emprego das TIC e noutras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e organizaa, obtén conclusións sinxelas e comunícaaas.	CAA CCL CD	Rubrica para avaliar: - A autonomía persoal. - O uso das TIC e das TAC.
B1.2. Traballar en equipo e mostrar un comportamento de respecto e	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de	CAA	Rúbricas para avaliar: - Investigacións.

tolerancia cara ás contribucións alleas.	grupo mostrando un comportamento responsable, construtivo e solidario; valora o esforzo e o coidado do material.	CSC	- A participación en traballos cooperativos. - Intervencións na clase: exposición oral.
B3.1. Coñecer a organización social do seu ámbito próximo e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	CSB3.1.1. Describe a organización social do ámbito máis próximo e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e que é un municipio.	CCL CSC	Rúbricas para avaliar: - A participación en traballos cooperativos. - As intervencións na clase: exposición oral.
B3.2. Identificar as funcións e os servizos dos seus diversos organismos: bombeiros, policía...	CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do concello.	CCL CSC CAA	Rúbricas para avaliar: - Investigacións. - A participación en traballos cooperativos. - As intervencións na clase: exposición oral.
B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía por parte das persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.	CCL CSC	Rúbrica para avaliar as intervencións na clase: exposición oral.
B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	CSB3.4.1. Mostra unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.	CAA CSC CSIEE	Rúbricas para avaliar: - Un debate. - Autonomía persoal.
B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras máis representativas da bisbarra e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.	CSB3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, algúns costumes e o folclore propios da escola, da cidade e da comunidade, así como algunha obra que sexa moi representativa no ámbito próximo.	CCL CSC CSIEE CCEC	Rúbricas para avaliar: - Tarefas e retos. - A participación en traballos cooperativos. - As intervencións na clase: exposición oral.
B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e da seguridade viaria como peóns e como persoa usuaria de medios de transporte.	CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón nos medios de transporte.	CCL CSC	Rúbricas para avaliar: - O traballo con imaxes. - A comprensión lectora (comprensión escrita). - As intervencións na clase: exposición oral. - Un debate. - Probas orais e escritas.
	CSB3.8.2. Recoñece a importancia do coidado e da limpeza da vía pública e dos seus elementos.	CSC	

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A área de Ciencias Sociais debe implicar o desenvolvemento dunha actitude de interese e curiosidade por coñecer as diferentes formas de organización social do ámbito inmediato como o barrio, a localidade e o municipio, así como as formas de participación cidadá. As actividades e tarefas propostas van máis alá dos aspectos conceptuais e permitirán que o alumnado reflexione e exprese que é o que máis lle gusta do seu barrio, experimente como organizar unhas eleccións municipais e, como se dun concello se tratase, dialogar, consensuar e traballar en equipo para intentar dar solución a un problema do colexio. Foméntase desta forma o desenvolvemento de destrezas sociais e lingüísticas e o emprendemento a través das tarefas propostas, motivando a iniciativa persoal, o sentido crítico, a creatividade e a cooperación.

Propóñense diferentes actividades visuais co obxecto de que o alumnado interprete os sinais de tráfico máis frecuentes e aborde situacións de simulación nas que se observen posibles consecuencias do non cumprimento das normas de seguridade viaria.

A valoración e o respecto polas manifestacións culturais propias, así como pola diversidade cultural e lingüística, estarán moi presentes nas últimas seccións do tema a través de actividades que invitan o alumnado á reflexión e á adopción de actitudes de tolerancia, diálogo e empatía.

A elaboración do xogo de mesa, reto presente ao longo de toda a unidade, desenvolverase de forma guiada a partir dun modelo que permitirá que o alumnado traballe en equipo e desenvolva actitudes de organización do tempo de traballo. A iniciativa emprendedora estará presente en todos os pasos e, tendo en conta as características deste xogo, contribuirá á mellora das destrezas comunicativas.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias sociais:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas.
- Cadernos.
- Recursos fotocopiados da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que as titoras consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se a titora o considera oportuno e relevante:
- <http://anayadigital.es>
- <http://www.rincondeunamaestra.blogspot.com>

UNIDADE 2

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 2 de novembro e o 21 de decembro.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer os traballos máis habituais que se realizan na natureza e algunhas das materias primas, así como diversos útiles de traballo. - Coñecer algúns traballos en fábricas e obradoiros nos que se realizan produtos elaborados. - Coñecer os traballos que se ofrecen como servizos e saber diferencialos do resto. - Identificar algunhas das profesións máis comúns do ámbito. - Comprender a importancia dos medios de comunicación interpersoais e de masas, e interpretar informacións sinxelas que nos trasladan. - Desenvolver unha actitude crítica e comprender o valor da publicidade. - Identificar diferentes traballos que interveñen na produción e distribución de produtos de consumo básicos. - Desenvolver calidades individuais que fomenten a implicación activa ante as circunstancias que nos rodean. - Mostrar autonomía nas accións cotiás de traballo escolar. 	<p>Bloque 1. CONTIDOS COMÚNS</p> <p>B1.1. O establecemento de conxecturas, de predicións e a observación e experimentación como procesos básicos que favorecen a iniciación ao coñecemento científico.</p> <p>B1.5. O traballo en equipo.</p> <p>B1.6. Iniciación na creación e no uso de hábitos e técnicas de estudo.</p> <p>B1.8. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.</p> <p>Bloque 3. VIVIR EN SOCIEDADE</p> <p>B3.4. Os medios de comunicación. Impacto social. Medios de comunicación: a publicidade.</p> <p>B3.5. As profesións. Preparar unha enquisa para coñecer as profesións das familias do alumnado do centro e analizar cales son as máis usuais. Indagar sobre todo naquelas que o alumnado descoñeza (as ferramentas que empregan, responsabilidade, servizos que prestan) e comunicar os resultados.</p>

AVALIACIÓN

Cráterios de avaliación	Estándares de avaliación	CC. clave	Técnicas e instrumentos
B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, da experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e das sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas, sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación. Iníciase no emprego das TIC e noutras fontes directas e indirectas, seleccióna a información relevante e organizaa, obtén conclusións sinxelas e comunícaas.	CAA CCL CD CMCT	Rúbricas para avaliar: - A busca e o tratamento da información. - A comprensión lectora (Comprensión escrita) - A participación en traballos cooperativos. - Traballos escritos - A autonomía persoal - Tarefas e retos
	CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE CAA CSC	
B1.2. Traballar en equipo e adoptar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario; valora o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA	Rúbricas para avaliar: - A participación en traballos cooperativos. - Traballos escritos - A autonomía persoal

			- Tarefas e retos
B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.	CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	CAA	Rúbricas para avaliar: - Traballos escritos - A autonomía persoal - As intervencións na clase: exposición oral
B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e segundo se realizan en fábricas ou ao aire.	CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas (responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación).	CSC CCL	Rúbricas para avaliar: - As intervencións na clase: exposición oral - O traballo con imaxes - Probas orais e escritas.
	CSB3.7.2. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.	CSC CAA	
B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocou, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	CSC CCL	Rúbricas para avaliar: - As intervencións na clase: exposición oral - O traballo con imaxes

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Favoreceremos a aprendizaxe sobre a necesidade de traballar para satisfacer as necesidades básicas como vivenda, alimentación ou vestuario. Fomentaremos a aparición de aprendizaxes previas sobre nomes de diferentes traballos ou profesións que coñezamos.

Invitaremos á reflexión sobre os parecidos e as diferenzas entre os traballos, así como os materiais que se utilizan en cada un deles ou as ferramentas máis habituais.

Do mesmo xeito, facilitaremos a reflexión compartida en cuestións vinculadas ao coñecemento e ao uso dos medios de comunicación. A través de exemplos concretos sobre informacións facilitadas polos medios, recoñeceremos o seu valor e distinguiremos o seu impacto individual ou colectivo. Tamén utilizaremos casos concretos de anuncios publicitarios para ilustrar as funcións que ten a publicidade e como analízala de xeito básico.

Poderemos propoñer a implicación das familias nas actividades competenciais relacionadas co desenvolvemento do reto, que nesta unidade se centra na recompilación de traballos habituais no ámbito do alumnado.

Tamén fomentaremos a utilización de diferentes recursos e materiais, con apoio nas técnicas e estratexias que o proxecto favorece para a inserción de traballo cooperativo, desenvolvemento do pensamento, educación emocional, cultura emprendedora ou integración de aprendizaxes ligadas á competencia en comunicación lingüística e o uso das tecnoloxías.

4. – RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias sociais:

- Cadernos complementarios.
- Libro de texto.
- Fichas.
- Cadernos.
- Recursos fotocopiabes da Proposta Didáctica.
- Calquera outro recurso ou material que as titoras consideren axeitado para o proceso de ensinanza aprendizaxe da unidade.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados se a titora o considera oportuno e relevante:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://www.rincondeunamaestra.blogspot.com>

UNIDADE 3

1.- TEMPORALIZACIÓN.

Esta unidade desenvolverase entre o 10 de xaneiro e o 11 de febreiro.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CONTIDOS
		2.2. Traballa en equipo, valorando o esforzo individual e colectivo.	CAA, CSEC, SIEP
	3. Esforzarse para conseguir alcanzar metas positivamente valiosas individuais e colectivas.	3.1. Xera confianza nos seus compañeiros a través do seu esforzo.	CSEC
		3.2. Propón solucións	CSEC,

<ul style="list-style-type: none"> • Aprecio as diferenzas. 		para problemas de traballo en grupo.	SIEP
	4. Valorar a importancia da perseveranza na construción da personalidade.	4.1. Recoñece, describe e aprecia estratexias de resiliencia.	CAA, CSEC, SIEP
		4.2. Representa a súa personalidade de xeito positivo.	CSEC, SIEP
	5. Adquirir capacidades que permitan decidir con independencia.	5.1. Expresa oralmente e por escrito os seus sentimentos e emocións de xeito adecuado.	CCL, CAA, CSEC
	6. Mellorar na resistencia á frustración como algo conveniente para superar as dificultades da vida.	6.1. Reflexiona sobre as dificultades e o mellor modo de solucionarlas.	CAA, CSEC, SIEP
		6.2. Optimiza recursos persoais apoiándose nas súas fortalezas.	CSEC, SIEP
	7. Entender a importancia de dereitos básicos como é a educación.	7.1. Entende a importancia dunha boa educación.	CAA, CSEC
		7.2. Intenta mellorar os seus hábitos escolares.	CSEC, SIEP
	8. Establecer relacións persoais baseadas no respecto aos demais.	8.1. Asume a igualdade de dereitos a pesar das diferenzas persoais.	CSEC
	9. Respetar as diferenzas persoais e contribuír á mellora das relacións cos compañeiros.	9.1. Mostra unha actitude tolerante cara aos demais.	CAA, CSEC
9.2. Respetar os seus compañeiros e intenta relacionarse positivamente con eles.		SIEP, CEC	

4.- COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Gozar coa lectura.	Comprende os textos das unidades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico.	Recoñece e asume a importancia da organización no estudo.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, independente...	Incrementa a súa capacidade de realizar tarefas sen axuda.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É respectuoso cos distintos ritmos de aprendizaxe nos traballos en grupo.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na proposta didáctica para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor

6.- RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden ser empregados para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Sociais e Cívicos, sempre e cando a titora o considere oportuno.

- Vídeos, cancións, contos.
- Encerado tradicional.
- Recursos dixitais.
- Material funxible.
- Material fotocopiabile.

BLOQUE II

1.- TEMPORALIZACIÓN.

O segundo bloque da materia desenvolverase durante o segundo trimestre.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer e manexar recursos para unha comunicación eficaz e positiva.
- Desenvolver estratexias para mellorar a relación coas persoas que nos rodean, tanto no ámbito escolar coma coa familia e cos amigos.
- Recoñecer que as diferenzas persoais poden ser enriquecedoras e utilizadas na aprendizaxe e a convivencia cotiá.
- Aprender algunhas normas de conduta social e moral que poden resultar útiles no presente e no futuro.

3.- CONTIDOS DA UNIDADE , CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSEC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none">• A comunicación empática e respectuosa.• A necesidade de falar ordenadamente empregando argumentos e de escoitar.• Somos capaces de decidir en común.• Os medios de comunicación e as novas tecnoloxías• O respecto aos que son diferentes.• Portámonos ben na casa.• A loita contra os prexuízos.	1. Utilizar a linguaxe non verbal de xeito adecuado.	1.1. Percibe a relación entre os xestos e as emocións persoais.	CCL, CSEC, SIEP
	2. Escoitar e sentir de xeito empático, desenvolvendo relacións de amizade.	2.1. Valora a amizade.	CSEC
		2.2. Capta as emocións das persoas que o rodean.	CCL, CAA
	3. Organizar os argumentos de xeito adecuado.	3.1. Entende a importancia de pensar ben o que desexa comunicar.	CCL, CSEC
		3.2. Utiliza a linguaxe dun xeito adecuado ás circunstancias.	CCL, CMCT, CSEC
	4. Comunicar eficazmente sentimentos.	4.1. Comunica os sentimentos mediante as expresións.	CCL, CAA, CSEC

	5. Establecer relacións persoais positivas cos compañeiros.	5.1. Recoñece actitudes agresivas e os perigos que levan consigo.	CAA, CSEC
		5.2. Sabe actuar de xeito asertivo ante os demais.	CSEC, SIEP
	6. Coñecer e valorar os medios de comunicación e as novas tecnoloxías.	6.1. Coñece os principais medios de comunicación e úsaos con precaución.	CCL, CSEC, CEC
		7. Implicarse no respecto ás normas do fogar e do centro escolar.	7.1. Coñece e asume que existen obrigas que debe cumprir.
	7.2. Colabora na casa e no centro escolar.		CSEC, SIEP
	8. Valorar a igualdade e rexeitar a discriminación.	8.1. Axuiza criticamente prexuízos.	CSEC, CEC

4.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...	Comprende o que din o seu mestre e os seus compañeiros.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.	Considera calquera situación problemática seguindo o razoamento lóxico e as estratexias de resolución de problemas.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.

	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	Avalía a aprendizaxe para retroalimentar o coñecemento.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É respectuoso cos distintos ritmos de aprendizaxe nos traballos en grupo.
	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais e recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Respecta as diferentes formas de expresión que reflicten a diversidade humana.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na Proposta didáctica para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

6.- RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden ser empregados para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Sociais e Cívicos, sempre e cando a titora o considere oportuno.

- Vídeos, cancións, contos.
- Encerado tradicional.
- Material funxible.
- Recursos dixitais.
- Recursos fotocopiáveis.

BLOQUE III

1.- TEMPORALIZACIÓN.

O terceiro bloque da área desenvolverase durante o terceiro trimestre.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Aprender, recordar e recoñecer as normas de conduta máis importantes.
- Fomentar a preocupación por conservar os materiais o mellor posible, así como polo medio.
- Coñecer e asumir as responsabilidades que lles corresponden aos nenos tanto no colexio coma no fogar ou na rúa.
- Aprender os aspectos beneficiosos que ten o feito de que cada cal cumpra coas súas obrigas.

3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSEC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none">• Portámonos ben no colexio e respectamos o material.• Somos educados e portámonos ben.• Traballamos en equipo para lograr obxectivos comúns.• Portámonos ben na casa.• Respectamos as normas.• Coidamos o medio (reciclamos).• Temos precaución na rúa cos vehículos.	1. Recoñecer e respectar as normas da clase.	1.1. Recorda e expón as normas principais de conduta na aula.	CCL, CSEC
		1.2. Respecta as normas da clase.	CSEC, SIEP
	2. Respectar as normas de boa conduta e actuar de xeito democrático	2.1. Entende o valor das normas de boa conduta.	CSEC
		2.2. Intenta comportarse de xeito democrático e respectuoso.	SIEP
	3. Rexeitar a discriminación e colaborar cos compañeiros.	3.1. Traballa en equipo colaborando positivamente.	CCL
		3.2. Entende a necesidade de axustarse a	CMCT, SIEP

		normas.	
		3.3. Rexeita a discriminación.	CSEC, CEC
	4. Entender a importancia do cumprimento dos deberes no fogar.	4.1. Recoñece a existencia de deberes na convivencia doméstica.	CSEC
		4.2. Trata de cumprir as obrigas no fogar.	CSEC, SIEP
	5. Participar de xeito activo na vida cívica asumindo a importancia do respecto ás normas.	5.1. Coñece e asume a existencia de normas sociais.	CSEC, SIEP
		5.2. Cumpre normas que axudan a protexerse a si mesmo	CSEC
	6. Contribuír á conservación do medio.	6.1. Aprende e explica a importancia de conservar o medio.	CCL, CMCT
		6.2. Coñece e utiliza instrumentos encamiñados á conservación da natureza.	CD, CSEC, SIEP
	7. Coñecer as normas de seguridade vial e os riscos de accidente.	7.1. Coñece a existencia de normas de seguridade vial e procura respectalas.	CSEC, SIEP

4.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...	Comprende o que din o seu mestre e os seus compañeiros.

<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.	Fomenta a reciclaxe para a conservación do medio.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	Avalía a aprendizaxe para retroalimentar o coñecemento.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	É respectuoso cos demais, coñece as súas obrigas e trata de cumprilas.
	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en	Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais e recoñece
	situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na Proposta didáctica para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

6.- RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden ser empregados para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Sociais e Cívicos, sempre e cando a titora o considere oportuno.

- Vídeos, cancións, contos.

- Encerado tradicional.
- Recursos dixitais.
- Recursos fotocopiáveis.
- Material funxible

EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

OBXECTIVOS DE COMPETENCIAS BÁSICAS:

- 1.- Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- 2.- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.
- 3.- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.
- 4.- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- 5.- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.
- 6.- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- 7.- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- 8.- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.
- 9.- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- 10.- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE PLÁSTICA

1. Manipular programas informáticos para elaborar debuxos simples.
2. Traballar a imaxe fotográfica buscando a realidade representada nela.
3. Coñecer os diferentes tipos de liñas e representalas.
4. Coñecer e representar as figuras xeométricas (círculo, cadrado, rectángulo e triángulo).
5. Xerar series de composicións modulares sinxelas.
6. Encontrar no seu contorno próximas representacións de simetrías.
7. Identificar o punto como elemento esencial da forma en diferentes producións.
8. Situar no espazo do soporte facilitado as creacións propias.

9. Coñecer diferentes tons e xerar variacións de luminosidade nestes.
10. Identificar representacións planas e de volume das formas.
11. Gozar realizando creacións artísticas propias.
12. Aceptar as críticas aos produtos propios e aprender a valorar os dos outros.
13. Mostrar confianza nas propias capacidades creativas.
14. Gozar das propias obras feitas de forma individual ou en grupo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

(indicación dos mínimos para avaliación positiva e % na cualificación)

- Ten interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimenta con técnicas e materiais.
- Coñece diferentes códigos artísticos.
- Explora cos materiais cromáticos e goza cos resultados obtidos.
- Intercambia información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representa formas presentes no espazo natural.
- Segue normas e instrucións.
- Indaga e planifica procesos. Coida e conserva os materiais.
- Respecta outras formas de pensamento e expresión.
- Utiliza os espazos de modo axeitado.
- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Esforzarse por acadar resultados orixinais.
- Describir procesos de traballo.
- Elección de recursos e revisión constante do realizado en cada fase.
- Busca de formas innovadoras.
- Adquirir capacidade de realización autónoma.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS CCBB:

- Observación sistemática e rexistro do traballo e actitudes dos alumnos.
- Revisión dos traballos feitos polos alumnos

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Coidado e limpeza na presentación dos traballos (20%)
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude (20%)
- Curiosidade e creatividade (20%)
- Participación (20%)
- Finalización de tarefas (20%)

BLOQUE I

1.- TEMPORALIZACIÓN.

1º trimestre.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer a composición da figura humana e a expresividade dos xestos.

- Apreciar o autorretrato e a fotografía como unha composición artística.
- Distinguir a clasificación básica das cores: as primarias.
- Realizar composicións baseadas no deseño creativo.
- Manexar as formas xeométricas na composición.
- Integrar os elementos da natureza na composición plástica.
- Aproveitar o material reciclable e recrear elementos do contorno.

3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración da figura humana. • Identificación mediante o autorretrato. • Estampados con material reciclable. • Experimentación das posibilidades expresivas do trazo con intencionalidade. • Exploración das liñas que delimitan os contornos e do espazo que delimitan as formas abertas e as pechadas. • Composición dunha imaxe mediante a fotografía. • Observación de diferentes maneiras de representar a fotografía. • Experimentación con distintos tipos de liñas: curva, recta, horizontal e ondulada. • Descrición das imaxes presentes nunha paisaxe outonal. • Exploración sensorial das calidades e as posibilidades dos materiais. • Elaboración do traballo individual, explorando as posibilidades dos materiais e os instrumentos. 	1. Completar a figura humana utilizando os coñecementos aprendidos.	1.1. Elabora a figura humana.
	2. Realizar a lectura das imaxes de forma autónoma.	2.1. Observa un autorretrato e tómao como modelo para crear o seu propio.
	3. Elaborar obras plásticas sinxelas coas técnicas utilizadas en clase (colaxe fotográfica, estampados, cuños...).	3.1. Usa e experimenta a técnica da estampación. 3.2. Elabora unha colaxe fotográfica utilizando a fotografía. 3.3. Constrúe unha figura con pezas acuñadas.
	4. Identificar as liñas.	4.1. Identifica os diferentes tipos de liñas (aberta e pechada, curva, recta, horizontal e ondulada), e experimenta con elas para crear e completar debuxos.
	5. Recoñecer un medio natural representado: a paisaxe outonal.	5.1. Describe o medio natural, utilizando o vocabulario apropiado. 5.2. Recorta e pega para crear unha paisaxe outonal.
	6. Utilizar as cores primarias e a súa clasificación.	6.1. Identifica e usa as cores primarias.
	7. Completar debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.	7.1. Completa figuras aplicando os coñecementos aprendidos.

<ul style="list-style-type: none"> • Manipulación dos obxectos cotiáns. • Interese por usar de forma adecuada os materiais e os espazos. • Construción dunha figura tridimensional. 	8. Recoñecer as formas básicas.	8.1. Distingue as figuras xeométricas básicas.
	9. Utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes.	9.1. Usa e experimenta con diferentes tipos de materiais para crear as súas propias obras plásticas.
	10. Respetar os materiais, os utensilios e os espazos.	10.1. Coida o material e respecta as normas da aula.

4.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Comprende a mensaxe visual e exprésaa por medio de palabras. Comenta os referentes cotiáns presentes nos modelos e opina sobre os dereitos e os costumes sociais.
	<i>Plan lector:</i> Gozar coa lectura.	Lectura comprensiva das ordes de traballo das actividades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso redor.	Aplica os coñecementos aprendidos ao manexar as formas xeométricas con carácter creativo.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Coñece as ferramentas de debuxo e pintura e as iconas do ordenador.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación	Adquire unha conciencia social e cívica ao realizar actividades

<i>cívicas.</i>	activa nos ámbitos de participación establecidos.	sobre os costumes alimentarios, o medio natural e os dereitos fundamentais.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar o medio, a ter hábitos saudables, e a compartir ideas creativas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.	Valora a creación plástica como medio de expresión. Aprende a xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coñece e valora o patrimonio cultural. Aprecia a estética das artes visuais. Identifica a creación plástica como medio de expresión e enriquecemento cultural.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou motivos das actividades.
- Observación e comentario sobre a actividade a realizar. Posta en común sobre gustos e preferencias nos aspectos que se consideren variables.
- Traballo individual ou en grupo.

6.- RECURSOS.

Láminas, ceras, rotuladores, pinturas, distintos tipos de materiais,...

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Vídeos e crebacabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.

BLOQUE II

1.- TEMPORALIZACIÓN.

2º trimestre.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Integrar os elementos da natureza na composición plástica.
- Coñecer animais diferentes: esquema básico, forma, cor e textura.
- Apreciar características propias das estacións do ano.
- Comprender e representar a paisaxe urbana con referencia á vivenda.
- Manexar as formas xeométricas na composición.
- Desenvolver destrezas en novas técnicas plásticas: debuxo a base de manchas de cor.
- Aproveitar o material reciclable e recrear os elementos do contorno.
- Coñecer o patrimonio artístico e potenciar a observación dunha obra ao compoñer un crebacabezas.
- Realizar composicións tridimensionais con motivo das festas e as conmemoracións.
- Coñecer os tipos de composición pictórica: bodegón.

3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none">• Descrición das imaxes presentes nunha paisaxe invernal.• Experimentación con diferentes tipos de liñas: curva, recta e quebrada.• Observación dunha cor secundaria: o laranxa.• Exploración dos elementos plásticos do medio artificial presentes nos edificios e o mobiliario urbano.• Observación de elementos do medio natural: animais e froitas.• Experimentación das posibilidades expresivas do trazo para a creación de animais.• Exploración sensorial das calidades e as posibilidades dos materiais.• Comunicación oral das	1. Recoñecer a representación dun medio natural: a paisaxe invernal.	1.1. Describe as calidades dunha imaxe invernal.
	2. Identificar os diferentes tipos de liñas.	2.1. Identifica os diferentes tipos de liñas para a realización dun debuxo.
	3. Manexar e utilizar as cores primarias e o laranxa como cor secundaria.	3.1. Identifica as cores primarias e unha cor secundaria: o laranxa.
	4. Identificar as representacións dun medio artificial (mobiliario urbano e edificios) e dun medio natural (animais e froitas).	4.1. Describe as calidades e as características dun medio artificial (edificios e mobiliario urbano) e dun medio natural (animais e froitas).
	5. Utilizar o debuxo como un medio de expresión.	5.1. Utiliza o debuxo como medio de expresión.
	6. Recoñecer e diferenciar a expresividade dos diferentes materiais usados.	6.1. Recoñece e utiliza os materiais presentados (lapis, rotuladores, ceras brandas, témperas, papeis de cores e material reciclado).

<p>impresións que xera a obra artística <i>A galiña cega</i>.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación de Francisco de Goya e de Piet Mondrian como nomes significativos da profesión artística. • Manipulación e transformación de obxectos para un uso artístico. • Construción de figuras con pezas acuñadas e recortadas. 	<p>7. Expresar oralmente as sensacións ante unha obra artística <i>A galiña cega</i>.</p>	<p>7.1. Describe oralmente o que sente ou pensa sobre a obra artística <i>A galiña cega</i>, utilizando o vocabulario aprendido.</p> <p>7.2. Identifica a Francisco de Goya como un grande artista.</p>
	<p>8. Recoñecer as formas básicas na obra <i>Composición II, en Vermello, Azul e Amarelo</i> de Piet Mondrian.</p> <p>9. Coñecer diferentes materiais para a creación dunha expresión plástica.</p>	<p>8.1. Distingue, nomea e debuxa as formas básicas.</p> <p>8.2. Recoñece en Piet Mondrian un nome significativo da profesión artística.</p> <p>9.1. Usa e experimenta con diferentes tipos de materiais para crear as súas propias obras plásticas.</p>
	<p>10. Respetar os materiais, os utensilios e os espazos.</p>	<p>10.1. Coida o material e respecta as normas establecidas na aula.</p>
	<p>11. Realizar obras plásticas sinxelas coas técnicas utilizadas en clase (colaxe, esculturas, cuños, crebacabezas e máscaras).</p>	<p>11.1. Elabora unha máscara, unha figura con pezas acuñadas, unha colaxe e outros obxectos utilizando as ferramentas básicas (recortar, pegar, uso da témpera e do pincel, manchas de cor e recheo).</p> <p>11.2. Observa as características dos materiais para a realización dunha obra con material reciclado.</p>

4.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Comprende a mensaxe visual e exprésaa por medio de palabras. Comenta os referentes cotiáns presentes nos modelos e opina sobre obras do patrimonio

		artístico.
	<i>Plan lector:</i> gozar coa lectura.	Lectura comprensiva das ordes de traballo das actividades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso redor.	Aplica os coñecementos aprendidos ao manexar as formas xeométricas con carácter creativo.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Coñece ferramentas de debuxo e pintura e as iconas de composición .
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos de participación establecidos.	Aproveita materiais reciclables, comprende costumes doutra época e valora a creatividade en motivos relacionados coas festas.
	<i>Educación en valores:</i> aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar o medio, a ter hábitos saudables, a compartir ideas creativas e a considerar a paz como un valor fundamental.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.	Valora a creación plástica como medio de expresión. Aprende a xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coñece e valora o patrimonio cultural. Aprecia a estética das artes visuais. Identifica a creación plástica como medio de expresión e enriquecemento cultural.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou motivos das actividades.
- Observación e comentario sobre a actividade que se vai realizar. Posta en común sobre gustos e preferencias nos aspectos que se consideren variables.
- Traballo individual e en grupo.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.

6.- RECURSOS.

Láminas, ceras, rotuladores, pinturas, distintos tipos de materiais,...

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Vídeos e crebacabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.

BLOQUE III

1.- TEMPORALIZACIÓN.

3º trimestre.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Integrar os elementos da natureza na composición plástica.
- Representar elementos da natureza: flores, árbores, froitas...
- Manexar novas técnicas plásticas.
- Recrear medios de transporte: avión...
- Desenvolver destrezas en novas técnicas plásticas: colaxe con papeis resgados, estampado con esponxa...
- Aproveitar o material reciclable e recrear elementos do contorno.
- Coñecer o patrimonio artístico e potenciar a observación dunha obra ao compoñer un crebacabezas.
- Realizar unha composición tridimensional relacionada co argumento da obra teatral.
- Apreciar os recursos artísticos da representación teatral: declamación, expresión corporal e composición de escena, vestuario e atrezzo.

3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> • Descrición das imaxes nunha paisaxe primaveral. • Exploración visual e táctil das texturas artificiais. • Manipulación dunha esponxa para realizar estampacións. • Observación de elementos presentes no medio natural, como as froitas. • Exploración das liñas que delimitan a figura das froitas. • Elaboración de debuxos, estampados e ilustracións con papeis de cores. • Identificación da figura representada por Joaquín Sorolla. • Coñecemento das normas sociais en exposicións. • Declamación adecuada dun texto teatral. • Representación teatral. • Coñecemento das calidades dos rotuladores, as témperas e os materiais reciclables. • Exploración e manipulación de materiais reciclables. • Construción dun barco con material reciclable e dunha casa de campo con pezas acuñadas. • Observación dunha composición sobre un fondo mariño. 	1. Representar e recoñecer un medio natural e unha paisaxe primaveral.	1.1. Describe as calidades dunha imaxe primaveral.
	2. Manexar as texturas artificiais.	2.1. Utiliza as texturas artificiais.
	3. Coñecer a esponxa como material para realizar estampacións sinxelas.	3.1. Usa a esponxa para crear estampacións. 3.2. Mostra confianza nas posibilidades da súa obra artística.
	4. Identificar ás froitas como elementos do medio natural.	4.1. Recoñece as froitas como elementos do medio natural. 4.2. Identifica as liñas do contorno das froitas.
	5. Realizar obras sinxelas con técnicas utilizadas en clase, como debuxos e ilustracións con papeis de cores.	5.1. Realiza debuxos e ilustracións utilizando materiais como os papeis de cores.
	6. Coñecer a figura de Joaquín Sorolla.	6.1. Recoñece a figura de Joaquín Sorolla como un valor artístico significativo na nosa cultura.
	7. Respetar as normas sociais en exposicións.	7.1. Respecta as normas sociais en exposicións.
	8. Declamación adecuada dun texto teatral.	8.1. Declama adecuadamente un texto.
	9. Saber expresar oralmente as impresións dunha representación teatral.	9.1. Describe oralmente as impresións que sente nunha representación teatral, usando o vocabulario apropiado.
	10. Coñecer as calidades de diferentes materiais, como os rotuladores, as témperas e o material de reciclable e utilízalos na elaboración de diferentes obras.	10.1. Experimenta con diferentes tipos de materiais (rotuladores, témperas e material reciclable) para crear as súas propias obras plásticas.

		10.2. Elabora un barco con material reciclable e unha casa de campo con pezas acuñadas.
	11. Apreciar os medios mariños e relacionalos con actividades de verán.	11.1. Realiza unha paisaxe mariña en relación con actividades de vacacións ou estivais.
	12. Coidar e conservar os materiais, os utensilios e os espazos.	12.1. Coida o material e respecta as normas establecidas na aula.

4.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Comprende a mensaxe visual e exprésaa por medio de palabras. Comenta os referentes cotiáns presentes nos modelos e opina sobre as obras do patrimonio artístico. Participa nunha dramatización e interpreta o personaxe coa expresión e a entoación adecuadas.
	<i>Plan lector:</i> gozar coa lectura.	Lectura comprensiva do texto teatral e das ordes de traballo das actividades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.	Aplica os coñecementos aprendidos ao manexar as formas esquemáticas do debuxo e para construír un crebacabezas e obxectos tridimensionais.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Identifica ferramentas de debuxo e pintura e as iconas de composición para as súas creación.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i>	Relaciona as actividades de

	desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos de participación establecidos.	Aproveita materiais reciclables e relaciona motivos plásticos con proxección social: praia, medios de transporte e viaxes, regalos, actividades na natureza...
	<i>Educación en valores:</i> aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar o medio, a ter hábitos saudables, a compartir ideas creativas e a participar nunha obra teatral con compañeirismo e sentido do humor.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.	Valora a creación plástica como medio de expresión. Aprende a xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coñece e valora o patrimonio cultural. Aprecia a estética das artes visuais. Valora o teatro como un xénero artístico. Identifica a creación plástica como medio de expresión e enriquecemento cultural.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou motivos das actividades.
- Observación e comentario sobre a actividade a realizar. Posta en común sobre gustos e preferencias nos aspectos que se consideren variables.
- Traballo individual e en grupo.
- Realización dos pasos previos para a interpretación teatral: lectura comprensiva, memorización, declamación, expresión corporal, caracterización de vestuario, atrezzo e posta en escena.

6.- RECURSOS.

Láminas, ceras, rotuladores, pinturas, distintos tipos de materiais,...

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Vídeos e crebacabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

OBXECTIVOS DE COMPETENCIAS BÁSICAS:

1. Desenvolver un autoconceito positivo que permita a percepción e a expresión axustada das emocións, os seus signos físicos e os sentimentos propios e alleos.
2. Recoñecer as características físicas e as calidades persoais, para favorecer a aceptación persoal positiva.
3. Tomar conciencia da importancia de mellorar a capacidade de autocontrol emocional para desenvolver maior tolerancia á frustración e favorecer o crecemento persoal e a interacción social.
4. Analizar condutas cotiás que permitan a adquisición e a autorregulación de hábitos saudables de autocoidado que fortalezan a autonomía.
5. Realizar tarefas dirixidas ao incremento da adquisición de aptitudes e actitudes responsables en diversos contextos da vida cotiá mostrando motivación e entusiasmo.
6. Coñecer os dereitos e os deberes das persoas, a través da Declaración dos Dereitos do Neno, analizando os seus dereitos con relación ao xogo, á vivenda e á alimentación.
7. Participar en actividades que permitan a expresión e a comunicación de sentimentos e emocións a través de elementos da linguaxe corporal.
8. Desenvolver a capacidade de diálogo traballando habilidades de comunicación tales como a escoita activa, o respecto da quenda de palabra e a expresión clara das ideas.
9. Desenvolver a empatía para identificar as emocións e as calidades dos outros, apreciar a riqueza das diferenzas e comprender as súas accións.
10. Realizar traballos cooperativos que permitan satisfacer as necesidades persoais e do grupo nun ambiente de compañeirismo e de axuda mutua.
11. Valorar a participación en dinámicas recreativas de grupo como medio para gozar dos compañeiros e dos amigos e mellorar as habilidades sociais.
12. Coñecer e respectar normas básicas de convivencia no ámbito familiar e escolar.
13. Analizar condutas cotiás que favorecen as normas de convivencia no contexto escolar.
14. Indicar experiencias positivas e negativas da vida cotiá que permitan analizar conflitos escolares habituais e as súas posibles solucións.
15. Xerar situacións que promovan o manexo responsable dos materiais persoais e escolares.

16. Tomar conciencia das actitudes que incitan á deterioración ou ao respecto e á conservación do medio.
17. Coñecer as normas básicas de educación vial distinguindo os sinais de tráfico máis comúns que han de respectar os peóns para velar pola súa seguridade e a do resto das persoas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

1. Desenvolver unha percepción axustada dun mesmo expresando mediante a linguaxe oral e diversas representacións unha visión positiva das características físicas e calidades persoais.
2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar, e expresándoas plasticamente.
3. Autorregular condutas cotiás e desenvolver o control de impulsos, adquirindo hábitos de autocoidado saudables.
4. Desenvolver aptitudes responsables actuando con motivación e responsabilidade na vida familiar, escolar e social.
5. Analizar a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo utilizando a experiencia persoal.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

1. Expresarse de forma tranquila, realizando un acompañamento xestual adecuado aos sentimentos e emocións que se comunican.
2. Aprender a comunicarse, expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención e respectando a quenda de palabra.
3. Comprender outras persoas, detectando e expresando as súas características, identificando as súas emocións e entendendo as súas actuacións.
4. Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas, realizar consideracións positivas das calidades e facer gabanzas enriquecendo a propia bagaxe social e cultural.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

1. Participar en actividades de grupo, gozando do compañeirismo, tendo en conta as propias necesidades e mostrando unha boa disposición para recibir e ofrecer axuda.
2. Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio desenvolvendo a independencia emocional e a capacidade de reflexión.
3. Valorar as condutas cotiás poñéndoas en relación coas normas de convivencia do colexio e o uso responsable dos materiais escolares.
4. Recoñecer sinais de tráfico útiles para peóns que se han de respectar decote representándoos e seguindo as súas indicacións.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS C.B.:

- Observación sistemática e rexistro do traballo e actitudes dos alumnos.
- Revisión dos traballos feitos polos alumnos

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Coidado e limpeza na presentación dos traballos (20%)
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude (20%)
- Curiosidade e creatividade (20%)
- Participación (20%)
- Finalización de tarefas (20%)

BLOQUE I

1.- TEMPORALIZACIÓN.

1º trimestre.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Recoñecer as propias calidades, coas súas limitacións, pero tamén coas súas virtudes.
- Desenvolver estratexias para a resolución de problemas na vida cotiá e académica.
- Coñecer a igualdade de dereitos que resulta fundamental na nosa sociedade e adoptar unha actitude de defensa dela.
- Aprender a importancia dunha boa alimentación e algunhas das súas pautas fundamentais.

3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> • O que son capaz de facer. • Como melloro grazas á confianza dos demais. • Canto me queren pola miña forma de ser. • Todo o que xa fago so. • Cada vez atrévome a facer máis cousas. • Teño que comer ben. • Respecto aos demais porque todos somos persoas. • Aprecio as diferenzas. 	1. Consolidar unha forma persoal de ser respectable e digna.	1.1. Explica a importancia de quererse a un mesmo e de querer aos demais. 1.2. Actúa de xeito respectable e digno.
	2. Asumir as calidades propias como un punto de partida para mellorar mediante o esforzo.	2.1. Recoñece as súas calidades físicas, aprecia as súas virtudes e asume os seus defectos. 2.2. Traballa en equipo, valorando o esforzo individual e colectivo.
	3. Esforzarse para conseguir alcanzar metas positivamente valiosas individuais e colectivas.	3.1. Xera confianza nos seus compañeiros a través do seu esforzo. 3.2. Propón solucións para problemas de traballo en grupo.
	4. Valorar a importancia da perseveranza na construción da personalidade.	4.1. Recoñece, describe e aprecia estratexias de resiliencia. 4.2. Representa a súa personalidade de xeito

		positivo.
	5. Adquirir capacidades que permitan decidir con independencia.	5.1. Expresa oralmente e por escrito os seus sentimentos e emocións de xeito adecuado.
	6. Mellorar na resistencia á frustración como algo conveniente para superar as dificultades da vida.	6.1. Reflexiona sobre as dificultades e o mellor modo de solucionarlas. 6.2. Optimiza recursos persoais apoiándose nas súas fortalezas.
	7. Entender a importancia de dereitos básicos como son a saúde e a alimentación.	7.1. Entende a importancia dunha boa alimentación para a saúde. 7.2. Intenta mellorar os seus hábitos alimentarios.
	8. Establecer relacións persoais baseadas no respecto aos demais.	8.1. Asume a igualdade de dereitos a pesar das diferenzas persoais.
	9. Respetar as diferenzas persoais e contribuír á mellora das relacións cos compañeiros.	9.1. Mostra unha actitude tolerante cara aos demais. 9.2. Respeta os seus compañeiros e intenta relacionarse positivamente con eles.

4.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Gozar coa lectura.	Comprende os textos das unidades.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.	Recoñece e asume a importancia do aseo e da boa alimentación.
Competencia dixital.	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar actividades dixitais.
Aprender a aprender.	Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento	Incrementa a súa capacidade de realizar tarefas sen axuda.

	creativo, crítico, emocional, independente,....	
Competencias sociais e cívicas.	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É respectuoso cos distintos ritmos de aprendizaxe nos traballos en grupo.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
Conciencia e expresións culturais.	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo individual e en grupo.
- Exposición do profesor.

6.- RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Sociais e Cívicos:

- Vídeos, cancións, contos.
- Encerados.
- Material funxible.
- Fichas.

BLOQUE II

1.- TEMPORALIZACIÓN.

2º trimestre.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer e manexar recursos para unha comunicación eficaz e positiva.

- Desenvolver estratexias para mellorar a relación coas persoas que nos rodean, tanto no ámbito escolar coma coa familia e cos amigos.
- Recoñecer que as diferenzas persoais poden ser enriquecedoras e utilízalas na aprendizaxe e na convivencia cotiá.
- Aprender algunhas normas de conduta social e moral que poden resultar útiles no presente e no futuro.

3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> • A dificultade de comunicar o que pensamos e sentimos. • A necesidade de falar ordenadamente empregando argumentos e de escoitar. • Somos capaces de decidir en común. • O respecto aos que son diferentes. • Portámonos ben na casa. • A acción correcta e a loita contra os prexuízos. 	1. Utilizar a linguaxe non verbal de xeito adecuado.	1.1. Percibe a relación entre os xestos e as emocións persoais.
	2. Escoitar e sentir de xeito empático.	2.1. Atende aos demais cando están relacionándose con el. 2.2. Capta as emocións das persoas que o rodean.
	3. Organizar os argumentos de xeito adecuado.	3.1. Entende a importancia de pensar ben o que desexa comunicar. 3.2. Utiliza a linguaxe dun xeito adecuado ás circunstancias.
	4. Comunicar eficazmente sentimentos.	4.1. Comunica os sentimentos mediante as expresións.
	5. Establecer relacións persoais positivas cos compañeiros.	5.1. Recoñece actitudes agresivas e os perigos que levan consigo. 5.2. Sabe actuar de xeito asertivo ante os demais.
	6. Iniciarse no pensamento altruísta.	6.1. Entende que os demais tamén teñen intereses lexítimos e preocúpase por eles.
	7. Implicarse no respecto ás normas do fogar e do centro escolar.	7.1. Coñece e asume que existen obrigas que debe cumprir. 7.2. Colabora na casa e no centro escolar.
	8. Valorar a igualdade e a corresponsabilidade nas tarefas domésticas.	8.1. Axuíza criticamente prexuízos machistas sobre a división de tarefas.

4.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos,...	Comprende o que din o seu mestre e os seus compañeiros.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.	Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.	Considera calquera situación problemática seguindo o razoamento lóxico e as estratexias de resolución de problemas.
Competencia dixital.	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar actividades dixitais.
Aprender a aprender.	Planificar os recursos e os pasos necesarios no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	Avalía a aprendizaxe para retroalimentar o coñecemento.
Competencias sociais e cívicas.	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É respectuoso cos distintos ritmos de aprendizaxe nos traballos en grupo.
	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais e recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
Conciencia e expresións culturais.	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Respecta as diferentes formas de expresión que reflicten a diversidade humana.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo individual e en grupo.
- Exposición do profesor.

6.- RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Sociais e Cívicos:

- Vídeos, cancións, contos.
- Encerados.
- Material funxible.
- Fichas.

BLOQUE III

1.- TEMPORALIZACIÓN.

3º trimestre

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Aprender, recordar e recoñecer as normas de conduta máis importantes.
- Fomentar a preocupación por conservar os materiais o mellor posible, así como pola reciclaxe.
- Coñecer e asumir as responsabilidades que lles corresponden aos nenos tanto no colexio coma no fogar ou na rúa.
- Aprender os aspectos beneficiosos que ten o feito de que cada cal cumpra coas súas obrigas.

3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> • Portámonos ben no colexio e respectamos o material. • Somos educados e portámonos ben. • Traballamos en equipo para lograr obxectivos comúns. • Portámonos ben na casa. • Respectamos as normas. • Coidamos o medio (reciclamos). • Temos precaución na rúa cos vehículos. 	1. Recoñecer e respectar as normas de clase.	1.1. Recorda e expón as normas principais de conduta na aula. 1.2. Respecta as normas da clase.
	2. Respecta as normas de boa conduta.	2.1. Entende o valor das normas de boa conduta. 2.2. Intenta comportarse de xeito correcto utilizando as normas de boa conduta.
	3. Colaborar cos compañeiros na resolución de problemas.	3.1. Traballa en equipo colaborando positivamente. 3.2. Entende a necesidade de axustarse a normas cando convive cos demais.
	4. Entender a importancia do cumprimento dos deberes no fogar.	4.1. Recoñece a existencia de deberes na convivencia doméstica. 4.2. Trata de cumprir as obrigas no fogar.
	5. Participar de xeito activo na vida cívica asumindo a importancia do respecto ás normas.	5.1. Coñece e asume a existencia de normas sociais. 5.2. Cumpre normas que axudan a protexelo.
	6. Contribuír á conservación do medio.	6.1. Aprende e explica a importancia de conservar o medio. 6.2. Coñece e utiliza instrumentos encamiñados á conservación da natureza.
	7. Coñecer as normas de seguridade vial e os riscos de accidente.	7.1. Coñece a existencia de normas de seguridade vial e procura respectalas.

4.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
Comunicación lingüística.	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.

	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos,...	Comprende o que din o seu mestre e os seus compañeiros.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.	Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.	Fomenta a reciclaxe para a conservación do medio.
Competencia dixital.	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar actividades dixitais.
Aprender a aprender.	Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	Avalía a aprendizaxe para retroalimentar o coñecemento.
Competencias sociais e cívicas.	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	É respectuoso cos demais, coñece as súas obrigas e trata de cumprilas.
	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais e recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
Conciencia e expresións culturais.	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo individual e en grupo.
- Exposición do profesor.

6.- RECURSOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Sociais e Cívicos:

- Vídeos, cancións, contos.
- Encerados.

- Material funxible.

- Fichas.

8- MÍNIMOS ESIXIBLES NAS DISTINTAS ÁREAS

Especificamos a continuación os mínimos esixidos no nivel nas áreas instrumentais para promocionar ao 3º nivel de educación primaria; no resto das áreas a avaliación positiva estará en función dos criterios de avaliación especificados nas mesmas.

O alumnado do 2º nivel de educación primaria deberá ser capaz de:

- Ler e comprender frases e textos sinxelos axeitados ao nivel..
- Escribir correctamente frases axeitadas ao nivel.
- Coñecer os números ata o 999.
- Realizar operacións de suma con e sen levadas e resta sen levar.
- Resolver problemas sinxelos coas operacións mencionadas anteriormente.

9- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dende o este nivel darase resposta ás necesidades educativas do noso alumnado, sexan de carácter permanente ou transitorio.

Estaremos moi atentos á detección precoz das dificultades de aprendizaxe que poidan xurdir, posto que consideramos moi importante a intervención nos primeiros momentos dos procesos de ensinanza- aprendizaxe co fin de prever problemas que si non lle damos resposta pódense arrastrar a niveis superiores.

Polo tanto, unha vez que o titor ou titora detecta algunha dificultade nun alumno ou alumna, coordínase co orientador e o profesorado de apoio (pedagogía terapéutica o audición e linguaxe, segundo o caso) e, unha vez valorado o caso a través dunha avaliación diagnóstica, tómanse as medidas oportunas.

REFORZO EDUCATIVO (RE)

- Medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo.
- Non necesita autorización.
- Elabóralo o mestre/a que imparte a materia, co coñecemento do titor/a; quen llo comunicará ao equipo directivo e á familia.
- Desenvólvese no contexto escolar ordinario, polo mestre que imparte a materia, coa colaboración, se procede, doutros profesionais; colaboración que non poderá substituír, en ningún caso, á actuación habitual do mestre/a.

ADAPTACIÓN CURRICULAR (AC)

- Modificación de elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación).
- Procede unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención.
- Terá como referente os obxectivos concretados na CC.
- A súa elaboración e desenvolvemento levarase a cabo, agás casos excepcionais, no contexto ordinario.

- Require autorización da inspección educativa.
- O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor/a que imparte a área ou materia, co asesoramento do orientador e calquera outro/a profesional que participe na atención ao alumno/a.
- O alumno/a avaliarase segundo os criterios da AC, que actuarán como referente para a súa promoción.
- A AC revisarase ao remate de cada curso e no caso de realizar modificacións respecto a obxectivos e/o criterios de avaliación necesitarase nova autorización.
- Ao finalizar o período para o que se realizou a AC, o titor/a, xunto co profesorado das áreas adaptadas e unha vez oída á familia, determinarán a pertinencia da promoción e a necesidade ou non dalgunha AC no curso seguinte; coas liñas xerais da mesma, de ser o caso.

Consideramos como fundamental dentro das medidas de atención á diversidade o traballo coordinado de todos os profesionais que interveñen na educación dun alumno/a así como a colaboración coas familias, posto que o intercambio de información e a unificación de criterios son básicos para lograr o éxito da intervención educativa co alumnado.

10- CELEBRACIÓN DE CONMEMORACIÓNS

O Equipo do 1º nivel de educación primaria celebrará as conmemoracións establecidas na Orde do 20 de xuño de 2019 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

11- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participarase en todas aquelas actividades organizadas dende o equipo de EACE, EDLG, Biblioteca, Tics , Equipo de Nivel,... que cada titor/a considere oportunas.

12- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

Dende o noso nivel consideramos que é fundamental que os nosos nenos e nenas alcancen un bo dominio da lectoescritura e que este debe asentarse nos primeiros cursos polo que participamos no Proxecto Lector do noso centro a través de distintas actuacións:

Dedicamos diariamente o tempo recollido no Plan Lector ao traballo específico da lectura, co fin de introducir aos máis pequenos neste proceso da forma máis sólida posible e de perfeccionar a lectura do 1º nivel en canto a fluidez, velocidade e entoación. É importante mencionar que estamos moi atentos á detección de dificultades no ámbito da lectoescritura para intervir dende o primeiro momento co fin de evitar futuras alteracións en dito ámbito.

Participarase en aquelas actividades promovidas dende a Biblioteca Escolar que cada titor considere enriquecedoras para o seu alumando e adicarase tamén, algunha sesión a que o alumnado aprenda a facer un uso axeitado da nosa biblioteca.

Dispoñemos tamén da Biblioteca de Aula onde se da unha maior selección dos gustos e intereses dos grupos e que constitúe un elemento de traballo importante dentro da dinámica da aula.

13.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs.

Ordenadores e materiais dixitais permiten traballar de forma máis rápida, visual e interactiva, e almacenar e manexar moita información.

Aproveitando que as aulas están dotadas de ordenador e proxector, así como conexión a internet, pódense realizar diferentes actividades utilizando estas ferramentas.

Intentaremos facer uso da aula de informática nalgunha ocasión como elemento motivador para a realización de actividades interactivas.

14- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

O principal obxectivo desta programación é que constitúa unha ferramenta de traballo para o profesor, sendo así un documento de consulta e organización das actividades da aula.

Destacamos o seu carácter flexible que nos permitirá facer ao longo do curso as modificacións oportunas en función das necesidades que poidan xurdir.

Ao final de curso valoraremos o éxito da programación en función da consecución de obxectivos nas distintas áreas e revisaremos se o plantexamento foi acertado co fin de propoñer propostas de mellora de cara ao próximo curso.

Anexo

Adaptacións metodolóxicas ante a situación

COVID

Ante a situación actual por mor da pandemia global producida polo SARS-COV-2, estipúlanse as seguintes adaptacións nesta programación:

- A programación xeral de contidos poderá ser adaptada en base ás realidades atopadas nas aulas tras a avaliación inicial, para poder orientar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ao punto de partida dos nenos/as.
- En caso de que se producise a necesidade de pasar a unha modalidade de ensinanza ***non presencial***, empregaríase a aula virtual do centro como ferramenta para enviar tarefas, contidos, etc. e recibilos, ou outros instrumentos de comunicación que cada titor/a considere oportuno para manter o contacto. Neste caso, ademais, adaptaríase a programación e a súa temporalización, respectando na medida do posible os contidos e a secuenciación exposta neste documento, pero centrándoos moi especialmente na consecución dos mínimos esixibles para a superación do nivel.
 - o Neste caso, os criterios de cualificación para as tarefas basearíase principalmente nas tarefas entregadas por parte do alumnado, así como a participación doutras actividades no caso de que o titor/a decidise propoñelas. E os contidos avaliados serían principalmente os contidos máis básicos e esenciais de cada unidade que garantan a adquisición dos mínimos esixibles.